San Sadurniño
www.sansadurnino.gal

CONCELLO DE SAN SADURNIÑO

# ORZAMENTOS MUNICIPAIS 2024

O Casal, 16
15560 San Sadurniño (A Coruña)
Teléf. 981 490 027
Fax. 981 490 474

# ÍNDICE


- Índice
- Memoria da Alcaldía explicativa dos orzamentos
- Cadro dos orzamentos
- Cadro comparativo 2023 e 2024
- Anexo de investimentos para 2024
- Anexo sobre a débeda 2024
- Anexo sobre subvencións nominativas 2024
- Cadro de beneficios fiscais
- Bases para a execución do orzamento
- Estado de execución orzamentaria de 2023
- Informe económico-financeiro do orzamento de 2024
- Informe de intervención sobre os obxectivos de estabilidade orzamentaria
- Informe de Intervención sobre os orzamentos
- Informe de Secretaría sobre os orzamentos
- Relación de persoal municipal

Secundino García Casal (1 para 1)
Alcalde
Data de Sinatura: 05/07/2024
HASH: 4bf7a7ca1660e745a5f357689bc3cfb6

# MEMORIA EXPLICATIVA DO PROXECTO DE ORZAMENTO MUNICIPAL 2024

**Expediente núm.:** 559/2024
**Memoria Explicativa do Proxecto de Orzamento**
**Procedemento:** Elaboración e Aprobación do Orzamento
**Data de iniciación:** 01/07/2024

**INTRODUCIÓN.**

Preséntanse, para a súa aprobación polo Pleno Municipal, os orzamentos para esta anualidade 2024 equilibrados tanto en gastos como en ingresos. Estes ascenden á cantidade de **TRES MILLÓNS SETECENTOS TRINTA E UN MIL TRESCENTOS TRINTA E NOVE EUROS CON VINTETRÉS CÉNTIMOS (3.731.339,23 €)**, un 1,33 por cento máis que os do ano anterior, inferior á variación do IPC e inferior á variación do gasto computable para 2024, o que pon de manifesto o esforzo da Corporación en conter os capítulos de gasto e asignar eficazmente os recursos públicos.

Como se sinala, trátase dun incremento porcentual pequeno que supón unha variación de 48.988,98€. Por capítulos o incremento máis importante en ingresos ven dado pola orzamentación do capítulo 3, que leva invariable varios exercicios sendo que a execución arroxa un importe moi superior de xeito tamén constante, e pola orzamentación do capítulo 5, como consecuencia da reubicación contable de determinados conceptos de ingreso seguindo as indicacións da intervención municipal.

Pola banda dos gastos, a variación porcentual máis destacable dase no capítulo 6, como consecuencia de destinar recursos a investimentos, e redúcese no capítulo 7, consecuencia de que no ano 2023 existía unha previsión específica de subvencións de capital de carácter puntual.

Hai que destacar que o capítulo 3 de ingresos, correspondente a taxas municipais, medra como consecuencia do axuste da previsión inicial á execución dos últimos exercicios, sen supoñer un incremento, nun contexto de incertidume económica, a presión fiscal á cidadanía e a pesares da nula sensibilidade da Xunta de Galiza coa difícil situación que estamos a vivir os concellos galegos por mor do forte incremento do IPC e dos gastos enerxéticos, mantendo conxelado o Fondo de Cooperación Local dende xa fai unha década e establecendo sistemas de subvención condicionada en lugar dun reparto de fondos baseado nas necesidades específicas de cada municipio, que existen máis do desexable na prestación de servizos básicos. É necesario, nesta memoria, en

Cod. Validación: ACPCRDM7AMTFHYYMEPM9TWM79
Corrección: https://sansadurnino.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 1 a 10

consecuencia, como xa se fixo anteriormente, lembrar unha reivindicación histórica do municipalismo como é a necesidade dun novo sistema de finanzamento dos concellos galegos que teña en conta as nosas singularidades.

As políticas de gasto que recollen estes orzamentos continúan reflictindo o compromiso da equipa de goberno cos veciños e veciñas de San Sadurniño nuns momentos de incerteza e teñen a finalidade de garantir a prestación dos servizos municipais mediante a xestión directa, favorecer o desenvolvemento e a actividade económica, a sustentabilidade medioambiental, a xustiza social, a igualdade e a participación veciñal. O goberno tamén é consciente de que o fomento da cultura e do deporte dinamizan social e económicamente o municipio, polo que se continúa cun importante compromiso orzamentario nesas áreas. Así, pode observarse que segue apostándose pola prestación directa dos servizos, en contacto constante coa cidadanía, destinando recursos económicos e materiais propios do Concello a competencias impropias por entender que o dereito a servizos públicos e de calidade por parte dos veciños e veciñas é algo que debe estar por enriba de disputas competenciais.

O Orzamento non é algo ríxido nin inamovible; é unha ferramenta para o goberno do Concello e debe adaptarse ás necesidades ou situacións que se vaian producindo ao longo do exercizo para o que foron deseñados. Non poden ser, en ningún caso, un *corsé* para o desenvolvemento de San Sadurniño nin deben ser obstáculo para que non poida intervirse a tempo ante unha situación sobrevida. Polo tanto, sobre esta base, poderanse expor as modificacións orzamentarias oportunas cos fins e ante as situacións descritas, todo iso por un maior benestar do vecindario.

A elaboración dos orzamentos contou cun traballo previo importante levado a cabo polas técnicas do Concello en orde á comprobación dos compromisos de gasto aplicables derivados de contratos en vigor, a consideración cáseque individual das diferentes imputacións de gasto, a comprobación das diferentes comunicacións e padróns en materia de ingresos..., o que nos permitirá dispor dun orzamento real, adaptado ás previsións que deben materializarse no exercizo e ás obrigas esixibles desta entidade como consecuencia do sinalado. Debe sinalarse tamén que se seguiron as recomendacións realizadas pola Secretaría-Intervención, tanto nos diferentes informes técnico-económicos como de xeito verbal, fundamentalmente referidos ao encadre de conceptos segundo a Orde EHA/3565/2008 de clasificación orzamentaria das entidades locais.

Debe plantexarse tamén que no orzamento 2024 non se contempla contía correspondente a un recoñecemento extraxudicial de créditos porque non existen documentos ou facturas que non foran imputados no exercicio 2023 por falta de crédito.

Cod. Validación: ACPCRDM7AMTFHYYMEPM9TWM79
Corrección: https://sansadurnino.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 2 a 10

Asimesmo, indicar que seguindo a recomendación da intervención, mantense a orzamentación dos gastos de persoal previstos, aínda subvencionados, para poder permitir, no caso de que sexa necesario, a contratación anticipada dalgúns programas. Esta consideración de prudencia é a que leva tamén á orzamentación das aportacións municipais en caso de investimentos subvencionados en parte ou os gastos de carácter corrente baixo unha óptica de totalidade para evitar condicionalos á materialización da subvención correspondente.

ESTADO DE GASTOS

| CAP. | DENOMINACIÓN | ORZAMENTO 2023 | | ORZAMENTO 2024 | |
|---|---|---|---|---|---|
| | | IMPORTE | % | IMPORTE | % |
| **A)** | **OPERACIÓNS NON FINANCEIRAS** | **3.682.350,25** | **100** | **3.731.339,23** | **100** |
| **A.1** | **OPERACIÓNS CORRENTES** | **3.070.363,56** | **83,38** | **3.069.476,71** | **82,26** |
| 1 | Gastos do Persoal | 1.356.487,58 | 36,84 | 1.397.321,01 | 37,45 |
| 2 | Gastos correntes en bens e servizos | 1.548.650,98 | 42,06 | 1.486.205,70 | 39,83 |
| 3 | Gastos financeiros | 2.635,00 | 0,07 | 2.635,00 | 0,07 |
| 4 | Transferencias correntes | 162.590,00 | 4,41 | 183.315,00 | 4,91 |
| 5 | Fondo de continxencia | 0,00 | 0 | 0,00 | 0 |
| **A.2** | **OPERACIÓNS DE CAPITAL** | **611.986,69** | **16,62** | **661.862,52** | **17,74** |
| 6 | Investimentos reais | 571.586,69 | 15,52 | 636.462,52 | 17,06 |
| 7 | Transferencias de capital | 40.400,00 | 1,10 | 25.400,00 | 0,68 |
| **B)** | **OPERACIÓNS FINANCEIRAS** | **0,00** | **0** | **0,00** | **0** |
| 8 | Activos financeiros | 0,00 | 0 | 0,00 | 0 |
| 9 | Pasivos financeiros | 0,00 | 0 | 0,00 | 0 |
| **TOTAL GASTOS** | | **3.682.350,25** | **100** | **3.731.339,23** | **100** |

**CAPÍTULO 1.** Con respecto ao **gasto de persoal** existe correlación entre os créditos do Capítulo I de Gastos de Persoal, incluídos no Orzamento e o Anexo de Persoal desta Entidade Local para este exercizo económico, sendo o seu importe global de 1.397.321,01 €.

Cod. Validación: ACPCRDM7AMTFHYYMEPM9TWM79
Corrección: https://sansadurnino.sedelectronica.gal/
Documento asinado electrónicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 3 a 10

Contense, neste punto, a correcta orzamentación dos gastos de persoal adaptados á RPT vixente no Concello de San Sadurniño, así como a previsión da suba que foi operada polo artigo seis do Real Decreto Lei 4/2024. Asimesmo, orzaméntase tamén a aplicación da suba adicional do 0,5 % establecida por Resolución de 7 de febreiro de 2024 en aplicación do artigo 19.DOUS.2 da Lei de Orzamentos Xerais do Estado para 2023.

Así, sinalar que a masa salarial increméntase por debaixo dos límites sinalados polo artigo 19 da devandita norma, xa que o aumento indicado no parágrafo anterior vese compensado pola eliminación de complementos persoais transitorios en casos de coberturas de prazas no ano 2023 e no axuste de custos de persoal subvencionado, entre outros; en concreto, existe dotación orzamentaria para o deveño de trienios de diferente persoal municipal, dotación específica de persoal laboral temporal suxeito a subvención externa máis axustado a dita subvención, consideración dunha previsión de máximos en materia de cotización á seguridade social por parte do empregador (tendo en conta que a posible sustitución de traballadores por IT implica necesariamente unha duplicidade de custo en materia de cotización á Seguridade Social, non así en materia de salario, que é compensado parcialmente), dotación real e axeitada das asistencias a órganos colexiados por parte dos cargos electos e persoal (toda vez que este tipo de gastos non forma parte da masa salarial e, novamente recollendo as observacións da Secretaría-Intervención, realízase un cálculo axeitado da previsión de gasto neste punto), e finalmente contense unha previsión de 32.000,00€ coa finalidade de dar cobertura aos posibles incrementos salariais derivados da modificación da RPT que se está a negociar actualmente.

**CAPÍTULO 2.** O importe do gasto en **bens, servizos e transferencias correntes** do Capítulo II consignado no Orzamento Municipal de 2024 ascende a 1.486.205,70 €, o que supón un decremento de 62.445,28 € con respecto a este mesmo gasto no Orzamento Municipal anterior, derivado fundamentalmente do importante axuste levado a cabo en gastos de carácter corrente, coma a unificación de servizos, a xestión de programas por persoal propio en lugar de externalización e a búsqueda de ofertas con mellor relación calidade/prezo.

O total dos créditos orzamentarios consignados por operacións correntes e os gastos derivados do funcionamento dos servizos existentes nesta entidade poden considerarse suficientes para atender as obrigacións esixibles á Corporación. De feito, debe terse en conta o importante esforzo seguido por esta Corporación para manter servizos públicos e de calidade mediante xestión directa, en proporción directa ao espírito de protección do dereito dos usuarios ao acceso público e igualitario aos mesmos. Cabe referirse de xeito directo á incidencia en materia de servizos sociais, en que, como consecuencia do mantemento dunha plantilla extensa de

Cod. Validación: ACPCRDM7AMTFHYYMEPM9TWM79
Corrección: https://sansadurnino.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 4 a 10

auxiliares de axuda no fogar, existe un gasto importante en materia de suministros e outros gastos correntes, así como o feito de que a gratuidade da Escola Infantil para os usuarios conleva necesariamente o aumento de custes para o Concello, xa que a aportación da Xunta de Galicia non acada nin a metade do que anteriormente viñan ingresando as arcas municipais por cota mensual do alumnado, téndose incluso adaptado a normativa municipal en materia de xornadas e tarifas á normativa autonómica para poder manter a financiación que, como se indica, é certamente insuficiente e resulta, como pouco, irónico, que dende a Xunta de Galicia se fale de gratuidade do servizo de educación infantil ata os tres anos, xa que o custo pasa de repercutirse nos usuarios a cargalo directamente ás arcas municipais. Asimesmo, realízase un esforzo orzamentario importante en orde ao mantemento de vías públicas de carácter ordinario, pequenos arranxos e actuacións singulares que sen ter o carácter de investimento supoñen unha política de mantemento en bo estado que repercute de xeito directo nos usuarios e aforran actuacións máis costosas no futuro.

**CAPÍTULO 3.** Os **gastos financeiros** recollidos neste Capítulo refírense exclusivamente aos gastos de mantemento e comisión por operacións bancarias. Contense un importe de 2.635,00 € en atención á execución de exercicios anteriores, que por asesoramento da Secretaría-Intervención pasan a estar contemplados neste capítulo en lugar da consignación no capítulo 2 que se viña establecendo ata o orzamento de 2023.

**CAPÍTULO 4**. As **transferencias correntes** comprenden os créditos por achegas da entidade sen contraprestación dos axentes receptores e con destino a operacións correntes e prevense créditos por importe de 183.315,00 €.

As consignacións obedecen, en concreto, aos seguintes proxectos:

- Subvencións nominativas á Casa do Mel, AGFA, Clube Aldebarán, Escola de Fútbol Irmandiños, AAVV O Castelo de Naraío.

- Cumprimento de convenios co Consorcio para a financiación do Centro de Día, programa Xantar na Casa, Concello de Moeche para o sostemento do centro de A Fusquenlla e Asociación Seitura.

- Previsión de 5.000,00 € para asistencia benéfica en asistencia social primaria

- Previsión de 25.000,00 € para subvencións de becas a estudantes

- Previsión de 10.000,00€ para subvencións á plantación de maceiras autóctonas en concorrencia competitiva

Cod. Validación: ACPCRDM7AMTFHYYMEPM9TWM79
Corrección: https://sansadurnino.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 5 a 10

- A consignación da subvención a grupos políticos municipais por importe de 3.120,00€, en función dos importes acordados polo Pleno da Corporación, que por recomendación da Secretaría-Interventora se consignan no capítulo 4 ao ter carácter de subvención segundo a orde de clasificación dos orzamentos locais

- Previsión de 16.000,00 € para subvencións en materia deportiva

- Previsión de 12.000,00 € para subvencións en materia cultural

- Pagamento de cuotas por pertenza á FEMP, FEGAMP, Fondo Galego de Cooperación e Xeoparque.

**CAPÍTULO 6.** Consignáronse no Estado de Gastos do Orzamento de 2024 **investimentos reais** por un importe de 636.462,52 €, financiadas con recursos afectados procedentes de subvencións ou transferencias de capital (446.624,22 euros), e con recursos propios (189.838,30 euros), etc.

Pode observarse no anexo de investimentos ao orzamento o desglose destes investimentos, así como o desglose da súa financiación.

**CAPÍTULO 7**. En relación coas **transferencias de capital** comprenden 25.400,00 euros.

En concreto, contémplanse créditos para a aportación municipal derivada da subvención solicitada para equipamento do proxecto da Fusquenlla en conxunto con mais Concellos, previsión con carácter de prudencia toda vez que, inicialmente, o financiamento é ao 100%, e 20.000,00 € para unha convocatoria de subvencións para a mellora e construción de abastecementos colectivos de auga, para o que se aprobará o correspondente regulamento.

ESTADO DE INGRESOS

| CAP. | DENOMINACIÓN | ORZAMENTO 2023 | | ORZAMENTO 2024 | |
|---|---|---|---|---|---|
| | | IMPORTE | % | IMPORTE | % |
| **A)** | **OPERACIÓNS NON FINANCEIRAS** | **3.682.350,25** | **100** | **3.731.339,23** | **100** |
| **A.1** | **OPERACIÓNS CORRENTES** | **3.249.299,27** | **88,24** | **3.284.715,01** | **88,03** |
| 1 | Impostos directos | 729.000,00 | 19,80 | 766.000,00 | 20,53 |
| 2 | Impostos indirectos | 30.000,00 | 0,81 | 45.000,00 | 1,21 % |
| 3 | Taxas, prezos públicos e | 470.000,00 | 12,7 | 506.670,44 | 13,5 |

Cod. Validación: ACPCRDM7AMTFHYYMEPM9TWM79
Corrección: https://sansadurnino.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 6 a 10

| | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| | outros ingresos | | 6 | | 8 |
| 4 | Transferencias correntes | 2.020.199,27 | 54,86 | 1.962.044,57 | 52,58 |
| 5 | Ingresos patrimoniais | 100,00 | 0,01 | 5.000,00 | 0,13 |
| **A.2** | **OPERACIÓNS DE CAPITAL** | **433.050,98** | **11,76** | **446.624,22** | **11,97** |
| 6 | Alleamento investimentos reais | 0,00 | 0 | 0,00 | 0 |
| 7 | Transferencia de capital | 433.050,98 | 11,76 | 446.624,22 | 11,97 |
| **B)** | **OPERACIÓNS FINANCEIRAS** | **0,00** | **0** | **0,00** | **0** |
| 8 | Activos financeiros | 0,00 | 0 | 0,00 | 0 |
| 9 | Pasivos financeiros | 0,00 | 0 | 0,00 | 0 |
| **TOTAL INGRESOS** | | **3.682.350,25** | **100** | **3.731.339,23** | **100** |

**CAPÍTULO 1.** Os **impostos directos** comprenden o Imposto de Bens Inmobles, o Imposto de Actividades Económicas, o Imposto de Vehículos de Tracción Mecánica e o Incremento do Valor dos Terreos de Natureza Urbana. Os ingresos que proveñen destes impostos directos corresponden a unha orzamentación extraída dos padróns correspondentes aos tributos sinalados, os cales obedecen aos tipos de gravame regulados nas Ordenanzas Municipais, que non foron modificadas neste exercizo.

**CAPÍTULO 2.** Os ingresos que proveñen de **impostos indirectos,** e en concreto do Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras, ascende a 45.000,00 €, considerando que, como pode observarse na liquidación dos exercizos precedentes, cúmprese con creces de xeito reiterado dita cantidade, polo que resulta aconsellable e axustado á realidade reflectir unha previsión acorde a dita execución.

**CAPÍTULO 3.** Os ingresos previstos por **operacións correntes** procedentes de taxas, prezos públicos e outros ingresos; ascende a 506.670,44 €, un incremento de 36.670,44€ respecto ao Orzamento Municipal do exercicio anterior, fundamentalmente como consecuencia da correcta orzamentación de diferentes conceptos en función dos padróns xa aprobados no exercicio.

Esta cifra de ingreso calcúlase tendo en conta os dereitos que se prevén liquidar no exercizo actual e as actualizacións aprobadas polo Pleno desta Corporación, relativas ás cotas ou prezos recollidos nas Ordenanzas fiscais e reguladoras de prezos públicos. Neste punto sinalar que non existe unha

Cod. Validación: ACPCRDM7AMTFHYYMEPM9TWM79
Corrección: https://sansadurnino.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 7 a 10


O Casal 16, SAN SADURNIÑO. 15560 (A Coruña). Tfno. 981490027. Fax:

modificación na contía regulada pero sí un exercicio máis vixilante da liquidación e recadación de tributos.

**CAPÍTULO 4.** O total de ingresos previstos no Capítulo IV por **transferencias correntes**, minora respecto do orzamentado no exercizo anterior nun 2,88%. En concreto, o importe previsto é de 1.962.044,57 €

Neste capítulo refléxanse importes, tanto a participación do Concello nos Tributos do Estado como no Fondo de Cooperación Local, que se teñen concretado e confirmado para o exercicio 2024, e tamén as previsións de subvencións correntes para o ano natural, que dan cobertura á súa vez a parte dos gastos correntes.

Neste punto é importante destacar que parte do retraso na elaboración e presentación dos orzamentos 2024 ven dada pola incertidume derivada da tardanza na confirmación e/ou aprobación de diferentes plans provinciais e subvencións autonómicas. Así, si ben existiu un adiantamento da convocatoria de subvencións de menor contía destinadas a subvencións de persoal, o referente aos Plans Adicionais da Deputación Provincial e ao Fondo de Cooperación Local por parte da Xunta de Galicia foi especialmente retardado neste ano 2024 (así como a participación en tributos estatal, derivado da non aprobación de Orzamentos Estatais), o que fixo que, por prudencia, se prantexaran os orzamentos prorrogados máis aló do que é desexable para o grupo de goberno.

Dentro da previsión de subvencións correntes existe unha previsión de transferencias dende a Deputación Provincial de A Coruña de 589.400,06 €, en gran medida destinada a gasto de carácter social e axudas para o mantemento de persoal técnico no Concello, todas elas axudas xa comprometidas ou preconcedidas e, algunhas, solicitadas pero de recepción anual nos anos precedentes. Respecto das aportacións finalistas da Xunta de Galicia, prevense 423.970,62 € , sendo aproximadamente un 74 % deste importe o correspondente ao plan concertado, destinado a sufragar parte dos custos de prestación dos servizos sociais de atención primaria (resulta imperativo recalcar o término “parte”, xa que o plan concertado cubre, aproximadamente, a metade do custo de prestación do servizo, sendo que a Deputación de A Coruña cubre, pola súa banda, mediante POS adicional, parte dos custos ordinarios e extraordinarios), obedecendo o resto das previsións a algunha actuación xa confirmada (contida no apartado de gastos) e pequenas axudas de carácter corrente, ademáis da transferencia por gratuidade da Escola Infantil (unha aportación de 35.263,12€ fronte un custo previsto de concesionaria de 92.000,00€, custo que formou parte do plan de sostemento do servizo que foi aprobado pola Xunta de Galicia xunto cunha previsión de ingresos derivado de taxas que actualmente tivo que ser derrogado por mor da citada “gratuidade”).

Cod. Validación: ACPCRDM7AMTFHYYMEPM9TWM79
Corrección: https://sansadurnino.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 8 a 10

Finalmente, contémplanse tamén os ingresos derivados dos Convenios asinados co Concello de Moeche en concepto de prestación de servizos conxuntos.

**CAPÍTULO 5.** Os **ingresos patrimoniais** proveñen de rendas de capital, mobiliario ou inmobiliario, orzamentándose con carácter prudencial un importe de 5.000,00 € en orde á súa posible execución en materia de concesións ou obtención de xuros por depósitos bancarios.

**CAPÍTULO 7.** O Capítulo VII de **Transferencias de Capital** do Orzamento de Ingresos calculáronse en base ás subvencións solicitadas, que se prevé sexan concedidas, ou no seu caso xa concedidas polas Entidades Públicas. O importe global ascende a 446.624,22 €, tendo a súa correlacion no capítulo VI de gastos e considerándose 208.874,42 € da Deputación Provincial de A Coruña (todas elas obras dentro do POS+2024 ou en previsión dunha subvención nominativa en trámite) e 235.749,80 € da Xunta de Galicia (correspondentes a subvencións en trámite ou xa concedidas segundo se especifica no anexo de investimentos).

Asimesmo, contense unha previsión mínima de 2.000,00 € aos efectos de manter aberto o concepto orzamentario para a Administración Xeral do Estado.

Por último, sinalar que as Bases de Execución que acompañan ao Orzamento 2024 foron revisadas e redactadas pola Secretaría–Intervención no exercicio 2023 en orde á mellor adaptación do texto ás peculiaridades da organización do Concello de San Sadurniño. Así, mantense o corpo das mesmas adaptando as referencias ao orzamento 2024 e modificando o referente ás asistencias a órganos colexiados de tal forma que se remita aos acordos plenarios na materia.

En virtude do disposto no artigo 168.1.a) do Texto Refundido da Lei de Facendas Locais aprobado por Real Decreto 2/2004, de 5 de marzo, e do artigo 18.1.a) do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril, esta Alcaldía eleva ao Pleno da Corporación o Proxecto do Orzamento Municipal e as súas Bases de Execución, para o exercicio económico 2024, cuxo importe ascende a 3.731.339,23 euros, acompañado desta Memoria.

**DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE**

Cod. Validación: ACPCRDM7AMTFHYYMEPM9TWM79
Corrección: https://sansadurnino.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 9 a 10

Cod. Validación: ACPCRDM7AMTFHYYMEPM9TWM79
Corrección: https://sansadurnino.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 10 a 10

Selo de órgano (1 para 1)
Concello de San Sadurniño
Data de Sinatura: 05/07/2024
HASH: a14f4239287db9367901d25ec986f8f7

| FUNCIONAL | ÁREA GASTO | CAPITULO | PARTIDA | DENOMINACIÓN | IMPORTE DESGLOSE | TOTAL PARTIDA | TOTAL CAPITULOS | TOTAL FUNCIONAIS |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| 1 | | | | SERVIZOS PÚBLICOS BÁSICOS | | | | **898.114,03** |
| | 1500 | | | ADMINISTRACIÓN XERAL VIVENDA E URBANISMO | | | | 53.475,64 |
| | | 1 | | PERSOAL | | | 34.475,64 | |
| | | | 13000 | Retribucións persoal laboral fixo | | 34.475,64 | | |
| | | 2 | | GASTOS CORRENTES | | | 19.000,00 | |
| | | | 22706 | Estudos e traballos técnicos | | 19.000,00 | | |
| | 1600 | | | ALCANTARILLADO | | | | 89.000,00 |
| | | 2 | | GASTOS CORRENTES | | | 73.000,00 | |
| | | | 21300 | Maquinaria, instalacións técnicas, utillaxe | | 4.000,00 | | |
| | | | 22100 | Subministro enerxía eléctrica | | 60.000,00 | | |
| | | | 22799 | Traballos realizados por outras empresas | | 9.000,00 | | |
| | | 6 | | INVESTIMENTOS | | | 16.000,00 | |
| | | | 61900 | Investimentos de reposición | | 16.000,00 | | |
| | 1610 | | | ABASTECEMENTO DOMICILIARIO DE AUGA POTABLE | | | | 114.795,72 |
| | | 2 | | GASTOS CORRENTES | | | 50.514,00 | |
| | | | 21300 | Maquinaria, instalacións técnicas, utillaxe | | 14.414,00 | | |
| | | | 22709 | Outros traballos outras empresas | | 36.100,00 | | |
| | | 6 | | INVESTIMENTOS | | | 44.281,72 | |
| | | | 61900 | Reposición de infraestruturas e bens uso xeral | | 44.281,72 | | |
| | | 7 | | TRANSFERENCIAS DE CAPITAL | | | 20.000,00 | |
| | | | 78000 | Traídas comunitarias augas | | 20.000,00 | | |
| | 1621 | | | RECOLLIDA DE RESIDUOS | | | | 176.198,74 |
| | | 1 | | PERSOAL | | | 53.238,74 | |
| | | | 13000 | Retribucións persoal laboral fixo | | 53.238,74 | | |
| | | 2 | | GASTOS CORRENTES | | | 122.960,00 | |
| | | | 21300 | Maquinaria, instalacións técnicas, utillaxe | | 16.560,00 | | |
| | | | 22103 | Subministro combustible | | 23.000,00 | | |
| | | | 22400 | Seguros | | 2.900,00 | | |
| | | | 22799 | Outros traballos outras empresas | | 80.500,00 | | |
| | 1630 | | | LIMPEZA VIARIA | | | | 106.164,36 |
| | | 1 | | PERSOAL | | | 52.789,36 | |
| | | | 13000 | Retribucións persoal laboral fixo | | 52.789,36 | | |
| | | 2 | | GASTOS CORRENTES | | | 53.375,00 | |
| | | | 21300 | Maquinaria, instalacións técnicas, utillaxe | | 27.345,00 | | |
| | | | 22103 | Subministro combustible | | 16.000,00 | | |
| | | | 22104 | Vestiario | | 3.500,00 | | |
| | | | 22400 | Seguros | | 5.030,00 | | |
| | | | 22799 | Outros traballos outras empresas | | 1.500,00 | | |
| | 1650 | | | ALUMEADO PÚBLICO | | | | 263.100,00 |
| | | 2 | | GASTOS CORRENTES | | | 248.100,00 | |
| | | | 21300 | Maquinaria, instalacións técnicas, utillaxe | | 47.100,00 | | |

| | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | | | 22100 | Subministro enerxía eléctrica | 200.000,00 | | |
| | | | 22706 | Estudos e traballos técnicos | 1.000,00 | | |
| | | 6 | | INVESTIMENTOS | | 15.000,00 | |
| | | | 61900 | Inversións de reposición en infraestructura | 12.000,00 | | |
| | 1700 | | | MEDIO AMBENTE | | | 39.279,57 |
| | | 1 | | PERSOAL | | 12.460,87 | |
| | | | 13100 | Retribucións persoal laboral temporal | 12.460,87 | | |
| | | 2 | | GASTOS CORRENTES | | 26.818,70 | |
| | | | 22799 | Outros traballos outras empresas | 26.818,70 | | |
| | 1710 | | | PARQUES E XARDINS | | | 56.100,00 |
| | | 2 | | GASTOS CORRENTES | | 30.100,00 | |
| | | | 22700 | Limpeza e aseo | 27.100,00 | | |
| | | | 22799 | Outros traballos outras empresas | 3.000,00 | | |
| | | 4 | | TRANSFERENCIAS CORRENTES | | 6.000,00 | |
| | | | 48000 | Subvencions nominativas | 6.000,00 | | |
| | | 6 | | INVESTIMENTOS | | 20.000,00 | |
| | | | 60900 | Investimentos novos en bens destinados ao uso xeral | 20.000,00 | | |
| 2 | | | | **ACTUACIÓNS DE PROTECCIÓN E PROMOCIÓN SOCIAL** | | | 665.179,81 |
| | 2210 | | | OUTRAS PRESTACIÓNS ECONÓMICAS A FAVOR DE EMPREGADOS | | | 10.000,00 |
| | | 1 | | PERSOAL | | 10.000,00 | |
| | | | 16204 | Fondo social | 10.000,00 | | |
| | 2310 | | | ASISTENCIA SOCIAL PRIMARIA | | | 633.937,55 |
| | | 1 | | PERSOAL | | 444.037,55 | |
| | | | 12001 | Salario base A2 | 13.835,64 | | |
| | | | 12006 | Trienios | 502,20 | | |
| | | | 12009 | Outras básicas: extras | 4.190,70 | | |
| | | | 12100 | Complemento destino funcionarios | 8.410,08 | | |
| | | | 12101 | Complemento específico funcionario | 6.277,44 | | |
| | | | 13000 | Retribucións persoal laboral fixo | 373.189,51 | | |
| | | | 13100 | Retribucións persoal laboral temporal | 37.631,98 | | |
| | | 2 | | GASTOS CORRENTES | | 135.900,00 | |
| | | | 21200 | Mantemento construccións e instalacións | 400,00 | | |
| | | | 22104 | Vestiario | 4.000,00 | | |
| | | | 22609 | Actividades culturais e deportivas | 25.300,00 | | |
| | | | 22799 | Outros traballos outras empresas | 106.200,00 | | |
| | | 4 | | TRANSFERENCIAS CORRENTES | | 51.000,00 | |
| | | | 45100 | A OOAA e axencias de CCAA | 46.000,00 | | |
| | | | 48000 | Atencións benéficas asistencia social primaria | 5.000,00 | | |
| | | 6 | | INVESTIMENTOS | | 3.000,00 | |
| | | | 62300 | Maquinaria, instalacións técnicas, utillaxe | 3.000,00 | | |
| | 2410 | | | FOMENTO DO EMPREGO | | | 21.242,26 |

| | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| | 1 | | PERSOAL | | 21.242,26 | |
| | | 13100 | Retribucions persoal laboral temporal | 21.242,26 | | |
| 3 | | | **PRODUCCION DE BENS PUBLICOS DE CARACTER PREFERENTE** | | | **566.362,85** |
| 3200 | | | ADMINISTRACION XERAL DE EDUCACION | | | 20.000,00 |
| | 6 | | INVESTIMENTOS | | 20.000,00 | |
| | | 61900 | Investimentos de reposición | 20.000,00 | | |
| 3230 | | | FUNCIONAMIENTO DE CENTROS DOCENTES DE ENSINANZA INFANTIL E PRIMARIA E EDUCACION ESPECIAL | | | 63.884,32 |
| | 1 | | PERSOAL | | 25.134,32 | |
| | | 13000 | Laboral fixo | 25.134,32 | | |
| | 2 | | GASTOS CORRENTES | | 12.000,00 | |
| | | 21200 | Mantemento construccións e instalacións | 11.000,00 | | |
| | | 22799 | Outros traballos outras empresas | 1.000,00 | | |
| | 4 | | TRANSFERENCIAS CORRENTES | | 25.000,00 | |
| | | 48000 | Axudas educación (becas | 25.000,00 | | |
| | 6 | | INVESTIMENTOS | | 1.750,00 | |
| | | 62300 | Instalacions tecnicas e utillaxe | 1.750,00 | | |
| 3300 | | | ADMINISTRACION XERAL DE CULTURA | | | 29.944,30 |
| | 1 | | PERSOAL | | 29.944,30 | |
| | | 13000 | Retribucions persoal laboral fixo | 29.944,30 | | |
| 3321 | | | BIBLIOTECAS E ARQUIVOS | | | 41.629,37 |
| | 1 | | PERSOAL | | 34.429,37 | |
| | | 12001 | Salario base A2 | 13.835,64 | | |
| | | 12006 | Trienios | 3.975,87 | | |
| | | 12009 | Outras básicas: extras | 4.233,98 | | |
| | | 12100 | Complemento destino funcionarios | 7.883,64 | | |
| | | 12101 | Complemento específico funcionario | 4.500,24 | | |
| | 2 | | GASTOS CORRENTES | | 6.000,00 | |
| | | 21200 | Mantemento construccións e instalacións | 1.000,00 | | |
| | | 22002 | Publicacions para biblioteca | 3.500,00 | | |
| | | 22609 | Actividades culturais e deportivas | 2.500,00 | | |
| | 6 | | INVESTIMENTOS | | 1.200,00 | |
| | | 62500 | Mobiliario | 1.200,00 | | |
| 3330 | | | EQUIPAMENTOS CULTURAIS E MUSEOS | | | 8.000,00 |
| | 2 | | GASTOS CORRENTES | | 8.000,00 | |
| | | 21200 | Mantemento construccións e instalacións | 7.000,00 | | |
| | | 22799 | Outros traballos outras empresas | 1.000,00 | | |
| 3340 | | | PROMOCION CULTURAL | | | 146.850,00 |
| | 2 | | GASTOS CORRENTES | | 108.350,00 | |
| | | 22102 | Gas | 1.500,00 | | |
| | | 22103 | Carburantes | 2.000,00 | | |
| | | 22602 | Publicidade e propaganda | 5.000,00 | | |

| | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| | | 22609 | Actividades culturais e deportivas | 99.850,00 | | |
| | 4 | | SUBVENCIONS/TRANSFERENCIAS CORRENTES | | 34.500,00 | |
| | | 48000 | Promoción cultural | 34.500,00 | | |
| | 6 | | INVESTIMENTOS | | 4.000,00 | |
| | | 61900 | Outros investimentos infraestrutura e bens uso xeral | 4.000,00 | | |
| 3400 | | | ADMINISTRACIÓN XERAL DE DEPORTES | | | 26.024,86 |
| | 1 | | PERSOAL | | 26.024,86 | |
| | | 13000 | Retribucións persoal laboral fixo | 26.024,86 | | |
| 3410 | | | FOMENTO DO DEPORTE | | | 78.620,00 |
| | 2 | | GASTOS CORRENTES | | 42.620,00 | |
| | | 22609 | Actividades culturais e deportivas | 42.620,00 | | |
| | 4 | | TRANSFERENCIAS CORRENTES | | 36.000,00 | |
| | | 48000 | Promoción deporte | 36.000,00 | | |
| 3420 | | | INSTALACIÓNS DEPORTIVAS | | | 151.410,00 |
| | 2 | | GASTOS CORRENTES | | 22.710,00 | |
| | | 21200 | Mantemento construccións e instalacións | 20.510,00 | | |
| | | 22102 | Gas | 200,00 | | |
| | | 22799 | Outros traballos outras empresas | 2.000,00 | | |
| | 6 | | INVESTIMENTOS | | 128.700,00 | |
| | | 61900 | Outros investimentos infraestrutura e bens uso xeral | 128.700,00 | | |
| 4 | | | **ACTUACIÓNS DE CARÁCTER ECONÓMICO** | | | **608.041,88** |
| 4140 | | | DESENVOLVEMENTO RURAL | | | **41.431,16** |
| | 1 | | PERSOAL | | 41.431,16 | |
| | | 13000 | Retribucións persoal laboral fixo | 41.431,16 | | |
| 4311 | | | COMERCIO - FEIRAS | | | 56.610,00 |
| | 2 | | GASTOS CORRENTES | | 46.610,00 | |
| | | 20300 | Arrendamento maquinaria, instalacións… | 1.000,00 | | |
| | | 22601 | Atencións protocolarias | 700,00 | | |
| | | 22609 | Actividades culturais e deportivas | 29.710,00 | | |
| | | 22799 | Outros traballos outras empresas | 15.200,00 | | |
| | 4 | | TRANSFERENCIAS CORRENTES | | 10.000,00 | |
| | | 48000 | Promoción desenvolvemento | 10.000,00 | | |
| 4530 | | | ESTRADAS | | | 118.400,00 |
| | 2 | | GASTOS CORRENTES | | 103.000,00 | |
| | | 21000 | Mantemento bens naturais | 80.000,00 | | |
| | | 22706 | Estudos e traballos técnicos | 23.000,00 | | |
| | 6 | | INVESTIMENTOS | | 15.400,00 | |
| | | 61900 | Investimentos de reposición | 15.400,00 | | |
| 4540 | | | CAMIÑOS VECIÑAIS | | | 339.630,80 |
| | 6 | | INVESTIMENTOS | | 339.630,80 | |
| | | 61900 | Investimentos de reposición | 339.630,80 | | |
| 4590 | | | OUTRAS INFRAESTRUTURAS | | | 3.500,00 |

| | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| | | 2 | | GASTOS CORRENTES | | 3.500,00 | |
| | | | 20000 | Arrendamentos terreos e bens naturais | 3.500,00 | | |
| | 4910 | | | SOCIEDADE DA INFORMACIÓN | | | 48.469,92 |
| | | 1 | | PERSOAL | | 30.269,92 | |
| | | | 13000 | Retribucións persoal laboral fixo | 30.269,92 | | |
| | | 2 | | GASTOS CORRENTES | | 18.200,00 | |
| | | | 22799 | Outros traballos outras empresas | 18.200,00 | | |
| **9** | | | | **ACTUACIÓNES DE CARÁCTER XERAL** | | | **993.640,66** |
| | 9120 | | | ÓRGANOS DE GOBERNO | | | 75.220,00 |
| | | 1 | | PERSOAL | | 37.800,00 | |
| | | | 10000 | Retribucións básicas | 37.800,00 | | |
| | | 2 | | GASTOS CORRENTES | | 34.300,00 | |
| | | | 23000 | Dietas órganos de goberno | 30.300,00 | | |
| | | | 23100 | Locomocion organos de goberno | 2.000,00 | | |
| | | | 23300 | Outras indemnizacións órganos de goberno | 2.000,00 | | |
| | | 4 | | TRANSFERENCIAS CORRENTES | | 3.120,00 | |
| | | | 48900 | Transferencias grupos políticos | 3.120,00 | | |
| | 9200 | | | ADMINISTRACIÓN XERAL | | | 918.420,66 |
| | | 1 | | PERSOAL | | 544.042,66 | |
| | | | 12000 | Salario base A1 | 16.000,80 | | |
| | | | 12001 | Salario base A2 | 13.835,64 | | |
| | | | 12003 | Salario base C1 | 31.164,48 | | |
| | | | 12006 | Trienios | 6.914,48 | | |
| | | | 12009 | Outras básicas: extras | 24.447,98 | | |
| | | | 12100 | Complemento destino funcionarios | 40.815,24 | | |
| | | | 12101 | Complemento específico funcionario | 53.864,04 | | |
| | | | 14300 | Outro persoal | 32.000,00 | | |
| | | | 15000 | Previsión productividade persoal | 15.000,00 | | |
| | | | 15100 | Previsión gratificacions persoal | 15.000,00 | | |
| | | | 16000 | Seguridade Social | 295.000,00 | | |
| | | 2 | | GASTOS CORRENTES | | 321.148,00 | |
| | | | 21200 | Mantemento construccións e instalacións | 5.100,00 | | |
| | | | 21300 | Maquinaria, instalacións técnicas, utillaxe | 10.270,00 | | |
| | | | 21500 | Mantemento mobiliario | 600,00 | | |
| | | | 21600 | Mantemento equipos proceso información | 13.120,00 | | |
| | | | 22000 | Ordinario non inventariable | 3.500,00 | | |
| | | | 22100 | Subministro enerxía eléctrica | 90.000,00 | | |
| | | | 22103 | Carburantes | 5.000,00 | | |
| | | | 22200 | Servizo de telecomunicacións | 13.000,00 | | |
| | | | 22201 | Comunicacions postais | 5.500,00 | | |
| | | | 22400 | Cuotas de seguros | 7.000,00 | | |
| | | | 22500 | Tributos estatais | 230,00 | | |
| | | | 22501 | tributos autonómicos | 1.400,00 | | |
| | | | 22601 | Atencions protocolarias | 7.000,00 | | |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| | 22602 | Publicidade e propaganda | 6.678,00 | |
| | 22603 | Publicacións Boletins Oficiais | 200,00 | |
| | 22604 | Gastos xurídicos | 2.500,00 | |
| | 22700 | Limpeza e aseo | 35.000,00 | |
| | 22706 | Estudos e traballos técnicos | 62.900,00 | |
| | 22708 | Servizos de recadación | 18.000,00 | |
| | 22799 | Outros traballos outras empresas | 27.950,00 | |
| | 23000 | Dietas persoal | 200,00 | |
| | 23100 | Locomocion | 2.000,00 | |
| | 23300 | Outras indemnizacións a persoal | 4.000,00 | |
| 3 | | GASTOS FINANCIEIROS | | 2.635,00 |
| | 35900 | Outros gastos financieiros | 2.635,00 | |
| 4 | | TRANSFERENCIAS CORRENTES | | 17.695,00 |
| | 46200 | A Concellos | 2.000,00 | |
| | 46600 | Outras entidades que agrupen municipios | 15.695,00 | |
| 6 | | INVESTIMENTOS | | 27.500,00 |
| | 62600 | Equipamento informático | 4.000,00 | |
| | 62900 | Outros investimentos Administracion Xeral | 3.500,00 | |
| | 63200 | Modificacion obra galería Concello | 20.000,00 | |
| 7 | | TRANSFERENCIAS DE CAPITAL | | 5.400,00 |
| | 76600 | Outras entidades que agrupen municipios | 5.400,00 | |
| | | TOTAL ORZAMENTO | 3.731.339,23 | |

**Selo de órgano (1 para 1)**
Concello de San Sadurniño
Data de Sinatura: 05/07/2024
HASH: a14f4239287db9367901d25ec986f8f7

| CAPITULO | CONCEPTO | DENOMINACION | CONCEPTO | TOTAIS |
|---|---|---|---|---|
| 1 | | IMPOSTOS DIRECTOS | | 766.000,00 |
| | 11200 | IBI rústica | 47.000,00 | |
| | 11300 | IBI urbana | 337.000,00 | |
| | 11400 | IBI características especiais | 59.000,00 | |
| | 11500 | IVTM | 162.000,00 | |
| | 13000 | IAE | 161.000,00 | |
| 2 | | IMPOSTOS DIRECTOS | | 45.000,00 |
| | 29000 | ICIO | 45.000,00 | |
| 3 | | TAXAS E PREZOS PUBLICOS | | 506.670,44 |
| | 30000 | Taxa auga | 17.000,00 | |
| | 30100 | Taxa saneamento | 6.000,00 | |
| | 30200 | Taxa lixo | 115.000,00 | |
| | 30900 | Outras taxas servizos básicos | 1.200,00 | |
| | 31100 | Servizos asistenciais (SAF) | 36.000,00 | |
| | 31300 | Actividades deportivas | 21.000,00 | |
| | 31900 | Outras taxas (matrimonios) | 600,00 | |
| | 32100 | Licenzas urbanísticas | 9.000,00 | |
| | 32300 | Taxas outros servizos urbanísticos | 1.500,00 | |
| | 32500 | Expedición documentos | 6.000,00 | |
| | 32900 | Outras taxas competencia local | 23.000,00 | |
| | 33100 | Taxa entradas de vehículos | 1.000,00 | |
| | 33200 | 1,5% empresas servizos xerais | 195.000,00 | |
| | 33800 | Compensacion Telefónica | 6.200,00 | |
| | 33900 | Utilización dominio público | 9.000,00 | |
| | 34200 | Servizos educativos | 10.000,00 | |
| | 34900 | Outros prezos publicos | 2.500,00 | |
| | 39211 | Recargo de prema | 2.200,00 | |
| | 39300 | Xuros de mora | 3.300,00 | |
| | 39900 | Otros ingresos | 41.170,44 | |
| 4 | | TRANSFERENCIAS CORRENTES | | 1.962.044,57 |
| | 42000 | Da Administración Xeral do Estado | 735.000,00 | |
| | 42010 | Pacto Estado Violencia Xénero | 2.000,00 | |
| | 45000 | Participacion tributos Xunta FCL | 201.073,89 | |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| | 45080 | Outras transferencias AXCA | 423.970,62 | |
| | 46100 | De Deputación | 589.400,06 | |
| | 46200 | De entidades locais | 10.600,00 | |
| 5 | | INGRESOS PATRIMONIAIS | | 5.000,00 |
| | 52000 | Xuros de depósitos | 5.000,00 | |
| 7 | | TRANSFERENCIAS DE CAPITAL | | 446.624,22 |
| | 72000 | Transferencias do Estado | 2.000,00 | |
| | 75080 | Outras transferencias AXCA | 235.749,80 | |
| | 76100 | Transferencias Deputacion | 208.874,42 | |
| | | TOTAL ORZAMENTO: | | 3.731.339,23 |

Selo de órgano (1 para 1)
Concello de San Sadurniño
Data de Sinatura: 03/07/2024
HASH: a14f4239287db9367901d25ec986f8f7

**ORZAMENTO 2024**

**RESUMO POR CAPÍTULOS**

| GASTOS | |
|---|---|
| Capítulo I | 1.397.321,01 |
| Capítulo II | 1.486.205,70 |
| Capítulo III | 2.635,00 |
| Capítulo IV | 183.315,00 |
| Capítulo VI | 636.462,52 |
| Capítulo VII | 25.400,00 |
| TOTAL | 3.731.339,23 |

| INGRESOS | |
|---|---|
| Capítulo I | 766.000,00 |
| Capítulo II | 45.000,00 |
| Capítulo III | 506.670,44 |
| Capítulo IV | 1.962.044,57 |
| Capítulo V | 5.000,00 |
| Capítulo VII | 446.624,22 |
| TOTAL | 3.731.339,23 |

Cod. Validación: 94Y7G3Q9RR35EATWRP2H33A9Y
Corrección: https://sansadurnino.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 1 a 1

San Sadurniño
www.sansadurnino.gal

O Casal, 16
15560 San Sadurniño (A Coruña)
Teléf. 981 490 027
Fax. 981 490 474

# CADRO COMPARATIVO DOS ORZAMENTOS DO CONCELLO 2023-2024

| INGRESOS | 2023 | 2024 | DIF | GASTOS | 2023 | 2024 | DIF |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| 1. Impostos directos | 729.000,00 € | 766.000,00€ | 5,07% | 1. Gastos de persoal | 1.356.487,58 € | 1.397.321,01€ | 3,01% |
| 2. Impostos indirectos | 30.000,00 € | 45.000,00€ | 50,00% | 2. Gastos correntes | 1.548.650,98 € | 1.486.205,70€ | -4,03% |
| 3. Taxas, prezos públicos e outros impostos | 470.000,00 € | 506.670,44€ | 7,80% | 3. Gastos financeiros | 2.635,00 € | 2.635,00€ | 0,00% |
| 4. Transferencias correntes | 2.020.199,27 € | 1.962.044,57€ | -2,88% | 4. Transferencias correntes | 162.590,00 € | 183.315,00€ | 2,75% |
| 5. Ingresos patrimoniais | 100 € | 5.000,00€ | 5.000% | | | | |
| 6. Alleamento investimentos reais | 0,00 € | 0,00€ | 0,00% | 6. Investimentos reais | 571.586,69 € | 636.462,52€ | 11,35% |
| 7. Transferencias de capital | 433.050,98 € | 446.624,22€ | 3,13% | 7. Transferencias de capital | 40.400,00 € | 25.400,00€ | -37,13% |
| 9. Pasivos financeiros | 0,00 € | 0,00€ | 0,00% | 9. Pasivos financeiros | 0,00 € | 0,00€ | 0,00% |
| TOTAL | **3.682.350,25€** | **3.731.339,23** | **1,33%** | | **3.682.350,25€** | **3.731.339,23€** | **1,33%** |

Selo de órgano (1 para 1)
Concello de San Sadurniño
Data de Sinatura: 03/07/2024
HASH: a14f4239287db9367901d25ec986f8f7

## ANEXO DE INVESTIMENTOS

## ORZAMENTOS 2024

| DENOMINACION | PARTIDA GASTO | IMPORTE ANO 2024 | FINANCIAMENTO |
|---|---|---|---|
| Investimentos de reposición – alcantarillado | 1600.61900 | 16.000,00 | |
| Investimentos de reposición – abastecemento auga | 1610.61900 | 8.000,00 | |
| Mellora rede abastecemento de auga – FCA | 1610.61900 | 36.281,72 | Fondo de Cooperación ambiental (36.281,72€) |
| Investimentos de reposición – alumeado público | 1650.61900 | 12.000,00 | |
| Investimento novo – parques e xardíns | 1710.60900 | 20.000,00 | |
| Investimento en maquinaria, instalacións técnicas, utillaxe – asistencia social | 2310.62300 | 3.000,00 | |
| Investimentos de reposición – educación | 3200.61900 | 20.000,00 | |
| Instalacións técnicas – educación | 3210.62300 | 1.750,00 | |
| Mobiliario – Biblioteca | 3321.62500 | 1.200,00 | |
| Investimentos de reposición – cultura | 3340.61900 | 4.000,00 | |
| Investimentos de reposición – deportes | 3420.61900 | 4.500,00 | |
| Mellora piscina municipal | 3420.61900 | 64.100,00 | Subvención nominativa Deputación (50.000,00€) |
| Mellora ximnasio municipal | 3420.61900 | 60.100,00 | Fondo de Cooperación Local (60.000,00) |

Cod. Validación: 37MRTT29T3P4JMYCP4YXMMKW5
Corrección: https://sansadurnino.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 1 a 2

| | | | |
|---|---|---|---|
| Plan Marco 2024 | 4530.61900 | 15.400,00 | Aportación municipal ao Plan |
| Pavimentación camiños Fraguela, Sumeiro, Torre e Amido | 4540.61900 | 55.457,42 | POS+ 2024: Deputación Provincial de A Coruña (100%) |
| Pavimentación dos camiños Gándara e O Pico-Freixo – POS+ 2024 | 4540.61900 | 48.734,29 | POS+ 2024: Deputación Provincial de A Coruña (100%) |
| Pavimentación dos camiños Sanguiñeira, Vilar e Bidueiro – POS+ 2024 | 4540.61900 | 54.682,71 | POS+ 2024: Deputación Provincial de A Coruña (100%) |
| Camiños de concentración parcelaria | 4540.61900 | 168.756,38 | Subvención Agader (139.468,08€) |
| Outros investimentos – camiños | 4540.61900 | 12.000,00 | |
| Equipamento informático – Administración Xeral | 9200.62600 | 4.000,00 | |
| Investimentos de reposición – Administración Xeral | 9200.62900 | 3.500,00 | |
| Investimentos de reposición – Galería da Casa Consistorial | 9200.63200 | 20.000,00 | |
| TOTAL | | 636.462,52€ | |

Cod. Validación: 37MRTT29T3P4JMYCP4YXMMKW5
Corrección: https://sansadurnino.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 2 a 2

Selo de órgano (1 para 1)
Concello de San Sadurniño
Data de Sinatura: 03/07/2024
HASH: a14f4239287db9367901d25ec986f8f7

## ANEXO DA DÉBEDA QUE ACOMPAÑA AO ORZAMENTO 2024

| DENOMINACION | ACREEDOR | IMPORTE | DURACION | AMORTIZACION TEORICA |
|---|---|---|---|---|
| PAI 2015 | Deputación Provincial de A Coruña | 193.887,53 | 10 anos | 19.388,75€ |
| PAI 2017 | Deputación Provincial de A Coruña | 31.743,72 | 12 anos | 2.645,31€ |
| PAI 2019 | Deputación Provincial de A Coruña | 112.332,04 | 10 anos | 11.233,21€ |

- Por resolucións da Presidencia da Deputación de A Coruña números 34921, 34922 e 34924 de 11 de agosto de 2022 acórdase a prórroga de devolución dos préstamos indicados para o inicio da mesma no exercicio 2025, polo que ao tratarse de préstamos sen xuros non se consigna importe no capítulo 9 de gastos
- Actualmente estase tramitando o POS+AD3/2024 cuxa finalidade é, precisamente, a reducción da presente débeda

Cod. Validación: 726EPZ7F9WEEEYXZA632YN3HZ
Corrección: https://sansadurnino.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 1 a 1

Selo de órgano (1 para 1)
Concello de San Sadurniño
Data de Sinatura: 03/07/2024
HASH: a14f4239287db9367901d25ec986f8f7

## ANEXO DE SUBVENCIÓNS NOMINATIVAS CONTEMPLADAS NO ORZAMENTO 2024

| ***Partida*** | ***Beneficiario*** | ***Importe*** | ***Destino*** |
|---|---|---|---|
| 1710.48000 | Casa do Mel | 2.000,00 | Gasto corrente |
| 1710.48000 | AGFA | 4.000,00 | Gasto corrente |
| 3340.48000 | AV O Castelo de Naraio | 6.500,00 | Gasto corrente |
| 3410.48000 | CD Aldebarán | 30.000,00 | Gasto corrente |
| 3410.48000 | EF Irmandiños | 6.000,00 | Gasto corrente |
| TOTAL | | 48.500,00 | |

Cod. Validación: 6WXKHN9YMJLR6LTKRHTTEZK6L
Corrección: https://sansadurnino.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 1 a 1

https://sede.dacoruna.gal/valdoc?c=9e8f021a90ddc46db2c27ae7e7c65533da52a10c

JOSÉ IGNACIO GARCÍA ROJO
Data e hora: 09/01/2024 12:53

Validación de documentos:
https://sede.dacoruna.gal/valdoc
Código:
9e8f021a90ddc46db2c27ae7e7c65533da52a10c

Deputación DA CORUÑA

**SERVIZO DE XESTIÓN TRIBUTARIA**
Rúa Archer Milton Huntington, 17
Teléf.: 981 080 050 Fax: 981 080 091
email: gestion.tributaria@dacoruna.gal
15011 A Coruña

**SR/A ALCALDE/SA PRESIDENTE/A**

**DO CONCELLO**

Asunto: Información sobre os beneficios fiscais correspondentes ao primeiro, segundo, terceiro e cuarto trimestres do ano 2023 (01/01/2023 A 31/12/2023)

Logo de ver os antecedentes que constan na base de datos da Área Tributaria desta deputación, o importe dos beneficios fiscais correspondentes ás liquidacións (recibo, ingreso directo e autoliquidación) aprobadas entre o 1 de xaneiro de 2023 e o 31 de decembro de 2023, que non constan anuladas, e os que figuran nos padróns fiscais do ano 2023 (aprobados nestes trimestres, se é o caso) é o que se detalla a continuación nos seguintes dous anexos:

- **Anexo 1**. Beneficios fiscais

- **Anexo 2.** Explicación de beneficios fiscais en impostos .

O xefe de servizo

José Ignacio García Rojo

https://sede.dacoruna.gal/valdoc?c=9e8f021a90ddc46db2c27ae7e7c65533da52a10c

JOSÉ IGNACIO GARCÍA ROJO
Data e hora: 09/01/2024 12:53

Validación de documentos:
https://sede.dacoruna.gal/valdoc
Código:
9e8f021a90ddc46db2c27ae7e7c65533da52a10c

**ANEXO I**
**BENEFICIOS FISCAIS 2023**
**do 01/01/2023 ao 31/12/2023**

| | | Valores | | |
|---|---|---|---|---|
| **CONCELLO** | **CONCEPTO** | **OBRIGATORIOS** | **VOLUNTARIOS** | **TOTAL** |
| **SAN SADURNIÑO** | IMPOSTO SOBRE ACTIVIDADES ECONÓMICAS | 2.324,25 | | 2.324,25 |
| | IMPOSTO SOBRE BENS INMOBLES RÚSTICOS | 206,99 | 7.391,89 | 7.598,88 |
| | IMPOSTO SOBRE BENS INMOBLES URBANOS | 8.096,86 | 2.406,68 | 10.503,54 |
| | IMPOSTO SOBRE VEHÍCULOS DE TRACCIÓN MECÁNICA | 30.571,02 | 8.928,13 | 39.499,15 |
| **Total SAN SADURNIÑO** | | **41.199,12** | **18.726,70** | **59.925,82** |

https://sede.dacoruna.gal/valdoc?c=9e8f021a90ddc46db2c27ae7e7c65533da52a10c

JOSÉ IGNACIO GARCÍA ROJO
Data e hora: 09/01/2024 12:53

Validación de documentos:
https://sede.dacoruna.gal/valdoc
Código:
9e8f021a90ddc46db2c27ae7e7c65533da52a10c

# ANEXO II

## EXPLICACIÓN DE BENEFICIOS FISCAIS EN IMPOSTOS 2023
## (01/01/2023 a 31/12/2023)

| CONCELLO | CONCEPTO | TIPO BBFF | Total |
|---|---|---|---|
| **SAN SADURNIÑO** | **IMPOSTO SOBRE ACTIVIDADES ECONÓMICAS** | Bonificación a favor de cooperativa fiscalmente protexidas (art. 88.1.a TRLRHL) | 2.324,25 |
| | **Total IMPOSTO SOBRE ACTIVIDADES ECONÓMICAS** | | **2.324,25** |
| | **IMPOSTO SOBRE BENS INMOBLES RÚSTICOS** | Outros beneficios fiscais non incluidos anteriormente | 7.441,66 |
| | | Bonificación por bens rústicos de cooperativas agrarias (art. 73.3 TRLHL) | 157,22 |
| | **Total IMPOSTO SOBRE BENS INMOBLES RÚSTICOS** | | **7.598,88** |
| | **IMPOSTO SOBRE BENS INMOBLES URBANOS** | Outros beneficios fiscais non incluidos anteriormente | 9.432,84 |
| | | Bonificación por bens inmobles en asentamentos de poboación singulares (art. 74.1 TRLRFL) | 1.070,70 |
| | **Total IMPOSTO SOBRE BENS INMOBLES URBANOS** | | **10.503,54** |
| | **IMPOSTO SOBRE VEHÍCULOS DE TRACCIÓN MECÁNICA** | 93.1.e TRLRHL-Vehículos para persoas con movilidade reducida ou discapacidade | 13.229,32 |
| | | 93.1.g TRLRHL-Vehículos agrícolas | 17.139,77 |
| | | 93.1.d TRLRHL-Vehículos destinados á asistencia sanitaria | 201,93 |
| | | 95.6.b TRLRHL-Características do motor | 246,10 |
| | | 95.6.c TRLRHL-Vehículos históricos ou antigüidade mín. de 25 anos | 8.682,03 |
| | **Total IMPOSTO SOBRE VEHÍCULOS DE TRACCIÓN MECÁNICA** | | **39.499,15** |
| **Total SAN SADURNIÑO** | | | **59.925,82** |

O Casal, 16
15560 San Sadurniño (A Coruña)
Teléf. 981 490 027
Fax. 981 490 474

**Selo de órgano (1 para 1)**
Concello de San Sadurniño
Data de Sinatura: 03/07/2024
HASH: a14f4239287db9367901d25ec986f8f7

# BASES PARA A EXECUCIÓN DO ORZAMENTO MUNICIPAL DO CONCELLO DE SAN SADURNIÑO CORRESPONDENTE AO EXERCICIO ECONÓMICO DE 2024

## TÍTULO I.- NORMAS XERAIS

### BASE 1ª.- Normas legais e regulamentarias

A aprobación, execución e liquidación do Orzamento municipal, así como o desenvolvemento da xestión económica e a fiscalización da mesma levaranse a cabo con sometemento á normativa aplicable, integrada fundamentalmente polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais (en adiante TRLFL) e o Real Decreto 500/1990, do 20 de abril, (en adiante RD 500/1990), polo que a desenvolve parcialmente esa Lei, e ás presentes bases, redactadas de conformidade co establecido nos artigos 165-1 do TRLFL e 9-1 do RD 500/1990.

### BASE 2ª. - Ámbito de aplicación

As presentes bases soamente rexerán durante a vixencia do Orzamento municipal para ou exercicio de 2024 e, no seu caso, durante a prórroga do mesmo.

### BASE 3ª. - Interpretación

As dúbidas que podían xurdir na aplicación das presentes bases serán resoltas pola Alcaldía, logo do informe da Secretaría-Intervención.

## TÍTULO II. O ORZAMENTO MUNICIPAL PARA 2024 E AS SÚAS MODIFICACIÓNS

### CAPÍTULO 1º. - ESTRUTURA ORZAMENTARIA.

### BASE 4ª.- Estrutura orzamentaria.

A estrutura do Orzamento axústase á Orde do Ministerio de Economía e Facenda 3565/2008 pola que se establece a estrutura dos orzamentos das entidades locais, modificada por Orde

Cod. Validación: 7MGW7J7KR4C999P3Q793CT4XP
Corrección: https://sansadurnino.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 1 a 39

San Sadurniño
www.sansadurnino.gal

O Casal, 16
15560 San Sadurniño (A Coruña)
Teléf. 981 490 027
Fax. 981 490 474

HAP/419/2014. Na súa virtude, os créditos do Estado de Gastos presentan o seguinte detalle: programa de gasto e subconcepto. Os créditos do Estado de Ingresos presentan o seguinte detalle: subconcepto.

Dentro do Estado de Gastos ou Ingresos entenderánse abertos con cero céntimos de euro os subconceptos nos que, aparecendo tipificados nos Anexos da referida Orde pero non constando de forma expresa no Estado de Gastos ou Ingresos, sexa necesaria a imputación dun gasto ou ingreso, sempre que exista crédito dispoñible na bolsa de vinculación xurídica.

## CAPÍTULO 2º.- OS CRÉDITOS INICIAIS E A PRÓRROGA DO ORZAMENTO

### BASE 5ª. - Ámbito do Orzamento municipal

O orzamento municipal para o exercicio 2024, comprende exclusivamente o da corporación municipal deste Concello.

### BASE 6ª. - Nivelación nos estados de gastos e ingresos

Para a execución do estado de gastos do orzamento municipal apróbanse créditos por importe de 3.731.339,23 €.

No estado de ingresos recóllense as estimacións dos dereitos económicos que se prevé liquidar durante o exercicio orzamentario de 2024, sendo o seu importe de 3.731.339,23 €.

En consecuencia, a proposta preséntase nivelada, respectando o principio de equilibrio orzamentario.

### BASE 7ª.- Declaración de non dispoñibilidade de créditos

Decláranse non dispoñibles coa entrada en vigor do orzamento os seguintes créditos:

- Os gastos con financiamento afectado procedente dunha operación de endebedamento ata a súa formalización.
- Os gastos con financiamento afectado procedente dunha achega doutra administración ata a existencia do compromiso firme de aportación por parte da administración correspondente.

### BASE 8ª. - Prórroga do Orzamento municipal

Se a data 1 de Xaneiro de 2025 non estiveran en vigor os Orzamentos correspondentes a dito exercicio económico, entenderanse automáticamente prorrogados os de 2024 ata os límites iniciais e baixo as limitacións do artigo 21.2 do Real Decreto 500/1990. Ditas limitacións de prórroga, así como o acordo sobre os supostos excepcionais de axustes ao alza do artigo 21.3 da mesma norma, serán establecidas mediante Decreto de Alcaldía, previo informe de Intervención, no que poderán acumularse acordos sobre aa incorporación de remanentes que proceda.

Cod. Validación: 7MGW7J7KR4C999P3Q793CT4XP
Corrección: https://sansadurnino.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 2 a 39

San Sadurniño
www.sansadurnino.gal

O Casal, 16
15560 San Sadurniño (A Coruña)
Teléf. 981 490 027
Fax. 981 490 474

## CAPÍTULO 3º.- RÉXIME XERAL DOS CRÉDITOS E AS SÚAS MODIFICACIÓNS

### BASE 9ª.- Normas xerais dos créditos do orzamento de gastos

Os créditos para gastos destinaranse exclusivamente á finalidade específica para a que foron autorizados no orzamento ou nas súas modificacións debidamente aprobadas. Os créditos autorizados teñen carácter limitativo e vinculante, non podendo adquirirse compromisos de gastos en contía superior ao importe destes, que serían nulos de pleno dereito, de conformidade co prevido nos artigos 172-2 do TRLFL e 25.2 do RD 500/1990.

O cumprimento das limitacións expresadas no parágrafo anterior deberá realizarse tendo en conta o nivel de vinculación xurídica, que se regula na Base 10ª.

Non obstante, aplicaranse aos créditos do orzamento vixente, no momento do seu recoñecemento, as obrigas seguintes:

a) as que resulten de atrasos a favor do persoal do Concello

b) as derivadas de compromisos de gastos debidamente adquiridos en exercicios anteriores, previa incorporación, no seu caso, dos créditos no supuesto do artigo 182.3 do Texto Refundido da Lei de Facendas Locais

c) as obrigas procedentes de exercicios anteriores a que fai referencia o artigo 60.2 do Real Decreto 500/1990. Con arreglo a este artigo, corresponderá ao Pleno o recoñecemento extraxudicial de créditos sempre que non exista dotación orzamentaria, operacións especiais de crédito ou concesións de quita ou agarda. Deste xeito, cando non existira crédito no orzamento de orixe da obriga e/ou no orzamento vixente (sendo necesario neste caso unha modificación orzamentaria que poderá tramitarse simultáneamente), o órgano competente para o recoñecemento das obrigas será o Pleno, previa proposta de Alcaldía, informe de Intervención e ditame da Comisión Informativa. No caso de existir crédito en ambos exercicios orzamentarios, o órgano competente será a Alcaldía, previo informe de intervención. En ambos casos deberá acreditarse a dotación orzamentaria suficiente e a non perturbación dos servicios con cargo aos créditos afectados.

Calquera modificación de créditos esixe a proposta razoada da variación, valorándose a incidencia que a mesma poida ter na consecución dos obxectivos fixados no momento de aprobar o orzamento. As modificaciones de crédito aprobadas por órgano distinto do Pleno serán executivas dende a aprobación das mesmas.

### BASE 10ª.- Nivel de vinculación xurídica dos créditos

En aplicación do establecido no artigo 172-2 do TRLFL en relación cos artigos 25-3, 27, 28 e 29 do RD 500/1990, establécese que os créditos para gastos quedan vinculados xuridicamente entre si aos seguintes niveis:

Cod. Validación: 7MGW7J7KR4C999P3Q793CT4XP
Corrección: https://sansadurnino.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 3 a 39

San Sadurniño
www.sansadurnino.gal

O Casal, 16
15560 San Sadurniño (A Coruña)
Teléf. 981 490 027
Fax. 981 490 474

- Respecto á clasificación por programas, a nivel de área de gasto.
- Respecto á clasificación económica, a nivel de capítulo.

**BASE 11ª.- Plan de disposición de fondos da tesouraría**

A xestión dos fondos líquidos rexerase polo principio de caixa única e levarase a cabo co criterio de obtención da máxima rendabilidade, asegurando en todo caso a inmediata liquidez para o cumprimento das obrigas nos seus vencementos temporais.

Os recursos que poidan obterse en Execución do Orzamento se destinarán a satisfacer el conjunto de obligaciones, salvo que procedan de recaudación por contribuciones especiales, subvenciones finalistas u otros ingresos específicos afectados a fines determinados.

Establecese, por tanto, a prelación de pagos no seguinte orde e con preferencia sobre os mesmos dos gastos de persoal e obrigas contraídas en exercicios anteriores segundo o artigo 187 do Real Decreto Lexislativo 2/2004:

a) gastos de amortización e xuros de préstamos vivos
b) gastos aparellados a contribucións especiais
c) gastos financiados total ou parcialmente con ingresos afectados
d) gastos relativos a suministros e servizos prestados por autónomos e PYMES
e) gastos de tracto sucesivo derivados de contratos en vigor suscritos entre o Concello de San Sadurniño e empresas suministradoras ou prestadoras de servizos
f) restantes gastos por orde de antigüidade, entendida a misma en base á data de aprobación da factura ou documento sustitutivo correspondente.

**BASE 12ª.- Créditos  extraordinarios e suplementos de crédito**

Os créditos extraordinarios e suplementos de crédito que se tramiten durante a vixencia do Orzamento Xeral ateranse ás normas establecidas no artigo 177 do Real Decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, artigos 35 e 38 do Real Decreto 500/1990.

Para a tramitación do expediente estarase aos mesmos trámites que para a aprobación do Orzamento. Non obstante, cando a causa do expediente fora calamidade pública ou outras de excepcional necesidade, a modificación orzamentaria será executiva dende a aprobación inicial e, en consecuencia, a partir de este momento poderá aplicarse o gasto.

**BASE 13ª.- Créditos ampliables.**

Serán créditos ampliables os correspondientes a todos aqueles para os que se consigan ingresos non finalistas, considerándose incrementadas na mesma cantidade do ingreso, se o ingreso é

Cod. Validación: 7MGW7J7KR4C999P3Q793CT4XP
Corrección: https://sansadurnino.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 4 a 39

San Sadurniño
www.sansadurnino.gal

O Casal, 16
15560 San Sadurniño (A Coruña)
Teléf. 981 490 027
Fax. 981 490 474

procedente de particulares, unha vez se produza o mesmo, e se fose de organismos públicos, tan pronto se reciba o compromiso firme de aportación.

A aprobación dos expedientes de ampliación de crédito correspóndelle á Alcaldía-Presidencia, previo informe de Intervención, debendo acreditarse no expediente o exceso de ingreso no concepto determinado en relación coa previsión inicial. Decláranse ampliables as seguintes partidas consideradas a nivel de concepto e entendendo incluidos todos os subconceptos, no seu caso:

| CONCEPTO AFECTADO | PARTIDA AMPLIABLE |
|---|---|
| 30000 (taxa auga) | 1610.22799 (outros traballos empresas subministro auga potable) |
| 30100 (taxa sumidoiros) | 1600.22799 (outros traballos empresas sumidoiros) |
| 30200 (taxa recollida lixo) | 1621.22799 (outros traballos empresas recollida lixo) |

Terá o mesmo tratamento cando se produza algún ingreso de calquera organismo ou particular para infraestruturas pero sen aplicación concreta, caso no que soamente poderá ser aplicado a partidas do capítulo 6.

**BASE 14ª.- Transferencias de crédito.**

Poderá transferirse crédito dunha partida orzamentaria a outra sempre que a súa reducción non afecte ao funcionamento dos servizos prestados con cargo a ela e cando ditas partidas pertenzan a distinta bolsa de vinculación xurídica, se bien a existencia de crédito deberá acreditarse respecto da partida individualmente considerada.

As transferencias estarán suxeitas aos límites do artigo 41 do Real Decreto 500/1990 e serán competencia da Alcaldía-Presidencia cando se refiran a partidas da mesma Área de Gasto ou afecten a créditos de persoal, previo informe de Intervención. Noutro caso, serán competencia do Pleno, debéndose observar os mesmos trámites que para a aprobación do Orzamento.

**BASE 15ª.-Xeración de créditos.**

Poderán xerar créditos nos estados de gastos do Orzamento Xeral os ingresos de natureza non tributaria derivados das seguintes operacións:

a) Aportacións ou compromisos firmes de aportación de persoas físicas ou xurídicas para financiar, conxuntamente, gastos que pola súa propia natureza estean comprendidos non fines e obxectivos do Concello.

Cod. Validación: 7MGW7J7KR4C999P3Q793CT4XP
Corrección: https://sansadurnino.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 5 a 39

San Sadurniño
www.sansadurnino.gal

O Casal, 16
15560 San Sadurniño (A Coruña)
Teléf. 981 490 027
Fax. 981 490 474

b) Alleamento de bens.

En ambos os supostos será requisito indispensable para que se xere o crédito que se de o acto formal do compromiso de aportación ou do recoñecemento do dereito, extremos que deberán ser acreditados pola unidade de contabilidade.

c) Prestación de servizos.

d) Reembolso de préstamos.

e) importes procedentes de reintegro de pagos indebidos con cargo ao orzamento corrente, en canto á reposición de créditos na correlativa partida, esixíndose a efectividade do cobro

Os expedientes serán incoados e aprobados pola Alcaldía previo informe de Intervención, debendo constar neles a correlación entre ingreso e crédito xerado, os conceptos de ingreso afectados pola modificación, as partidas do estado de gastos onde se proceda a xerar crédito e a constancia de que o gasto non esté previsto xa nos orzamentos de forma total ou parcial (procedendo neste último caso a unha xeración parcial). A contabilización do dereito recoñecido terá lugar co cumprimento polo Concello das obrigas asumidas como consecuencia do compromiso de aportación firme, bastando neste suposto a xustificación suficiente e en prazo das subvencións obtidas.

Independentemente da súa executividade inmediata, os expedientes de xeración de créditos derivados dos supostos c), d) e e) deste artigo esixirán, para a dispoñibilidade de ditos créditos, a efectiva recadación dos dereitos.

**BASE 16ª.- Incorporación de remanentes de crédito**

En base ao artigo 47 do Real Decreto 500/1990, poderán ser incorporados os créditos que, non utilizados no exercicio anterior, procedan de:

a) créditos extraordinarios, suplementos de crédito e transferencias de crédito aprobados no último trimestre do exercicio
b) créditos que amparen compromisos de gastos do exercicio anterior, debidamente adquiridos
c) créditos por operacións de capital
d) créditos autorizados en función da efectiva recadación dos dereitos afectados

Os remanentes que amparen proxectos financiados con ingresos afectados deberán incorporarse obrigatoriamente, salvo constancia do desestimento total ou parcial de iniciar ou continuar a execución do gasto, ou imposibilidade da súa realización. Os créditos declarados non dispoñibles ou os xa incorporados no exercicio que se liquida, excepto os financiados con recursos afectados, non serán incorporados en ningún caso.

O expediente de incorporación poderá tramitarse unha vez sexa coñecida a situación dos remanentes, e será incoado e resolto pola Alcaldía previo informe de Intervención.

Cod. Validación: 7MGW7J7KR4C999P3Q793CT4XP
Corrección: https://sansadurnino.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 6 a 39

San Sadurniño
www.sansadurnino.gal

O Casal, 16
15560 San Sadurniño (A Coruña)
Teléf. 981 490 027
Fax. 981 490 474

A incorporación de remanentes que amparen proxectos de gasto con financiación afectada poderá levarse a cabo en calquera momento, mentres que nos restantes casos haberá de estarse á aprobación da liquidación do exercicio anterior.

**<u>BASE 17ª.- Baixas por anulación.</u>**

Poderá darse de baixa por anulación calquera crédito do Estado de Gastos ata a contía correspondente ao saldo de crédito sempre que a dotación se estime reducible sen perturbación do respectivo servizo. O expediente será incoado pola Alcaldía e aprobado polo Pleno da Corporación previo informe de Intervención e ditame da Comisión Informativa competente, no seu caso.

**<u>BASE 18º.- Modificacións de dereitos e obrigas de exercicios pechados</u>**

Nos supostos de anulación de liquidacións, insolvencias e prescripción de dereitos recoñecidos, así como a modificación de saldos iniciais, de dereitos pendentes de cobro e obrigas pendentes de pago orixinados pola existencia de erros e omisións na información contable, tramitarase o oportuno expediente no que, previo informe da Intervención, corresponderá a súa aprobación á Alcaldía-Presidencia, agás no caso de prescripción de obrigas pendentes de pago, en que corresponderá ao Pleno da Corporación con exposición pública dos apuntes contables a que afecte no Boletín Oficial da Provincia.

## <u>TÍTULO III.- EXECUCIÓN E LIQUIDACIÓN DO ORZAMENTO XERAL</u>

### CAPÍTULO 1º.- NORMAS XERAIS SOBRE EXECUCIÓN E LIQUIDACIÓN

**<u>BASE 19ª.- Fases na xestión do estado de gastos e competencia.</u>**

Corresponderalle á Intervención a retención de créditos, segundo sexan aprobadas as propostas de gasto ou presentados os expedientes ou modificacións que o requiran.

Corresponderalle á Alcaldía a aprobación e disposición dos gastos dentro dos límites da súa competencia (artigos 21 da Lei de Bases de Réxime Local e 185 do Texto Refundido da Lei de Facendas Locais), así como de aqueles que sexan competencia municipal cando non exista determinación expresa do órgano competente na normativa aplicable. Asimesmo, corresponderalle o recoñecemento e ordenación de todos os pagos contra a Tesourería municipal, excepto as que teña a ben delegar ou estén delegadas xa. Os pagos acomodaranse ao plan de disposición de fondos. O acto de ordenación de pagos poderase materializar en

Cod. Validación: 7MGW7J7KR4C999P3Q793CT4XP
Corrección: https://sansadurnino.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 7 a 39

San Sadurniño
www.sansadurnino.gal

O Casal, 16
15560 San Sadurniño (A Coruña)
Teléf. 981 490 027
Fax. 981 490 474

relacións de ordes de pago nas que constarán os importes brutos e líquidos, identificación completa do acredor e aplicación orzamentaria correspondente.

**BASE 20ª.- Acumulación de fases na xestión do estado de gastos**

Poderanse acumular varias fases de execución do orzamento de gastos (AD, ADO o DO), segundo establece o artigo 67 do Real Decreto 500/1990, nos supostos de contratos menores e gastos de persoal; concesión de subvencións; contratos de tracto sucesivo e pagos periódicos unha vez aprobado o expediente inicial de gasto; alugueres; gastos de viaxe, asistencias a órganos colexiados e outras indemnizacións a membros corporativos ou persoal funcionario ou laboral; xuros, comisións, amortizacións e gastos de formalización de operacións de crédito; gastos de subministros e transportes; anticipos ao persoal; gastos plurianuais polo importe da anualidade xa comprometida e recoñecemento extraxudicial de créditos.

O acto administrativo que acumule varias fases producirá os mesmos efectos que se fosen acordados en actos separados. O órgano que adopte o acordo deberá ser competente para todas e cada unha das fases.

**BASE 21ª.- Recoñecemento e liquidación de obrigas**

Deberá acreditarse ante o órgano competente para o recoñecemento de obrigas a efectividade da realización da prestación o surtido do material, requisito inexcusable para o xurdemento do dereito do acredor, de conformidade co acordo que autorizou e comprometeu o gasto.

As facturas, certificacións de obra e demáis documentos xustificativos da prestación presentaranse no Rexistro Xeral de entrada de documentos ou a través da plataforma FACe, e será requerida a conformidade do técnico, concelleiro ou persoal correspondente, conformidade que versará sobre a efectiva e correcta prestación do servizo, realización da obra ou execución do subministro e sobre a corrección das cantidades, datas e prezos expresados na factura. Entenderase implícita a conformación da factura cando a súa natureza, concepto e importe coincida co albarán previamente asinado.

Requerirase nos documentos xustificativos os elementos seguintes:

a) identificación do Concello de San Sadurniño
b) identificación completa do provedor ou contratista e número de conta bancaria para o pago
c) número de factura se é o caso, lugar e data de emisión, descripción do subministro ou servizo realizado e sinatura do contratista
d) determinación do importe total en euros e desglose de IVE (no seu caso, referencia normativa de exención)
e) en caso de obras, adxuntarase certificación de obra, coas firmas do director de obra e técnico municipal, no seu caso.

Cod. Validación: 7MGW7J7KR4C999P3Q793CT4XP
Corrección: https://sansadurnino.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 8 a 39

San Sadurniño
www.sansadurnino.gal

O Casal, 16
15560 San Sadurniño (A Coruña)
Teléf. 981 490 027
Fax. 981 490 474

Nas operacións que a continuación se describen, as facturas poderán ser sustituidas por vales numerados ou “tickets” expedidos por máquinas rexistradoras:

- ventas ou servizos en ambulancia o a domicilio
- transportes de persoas e os seus equipaxes
- servizos de hostelería ou restauración
- utilización de instalacións deportivas
- revelado de fotografías e estudos fotográficos

En todo caso, tales vales o “tickets” deberán constar, alo menos, dos seguintes datos:

- número e, no seu caso, serie
- número de identificación fiscal do expedidor
- tipo impositivo aplicado ou expresión “IVE engadido”
- contraprestación total

Cando na data de fin de exercicio se verifique que non se contabilizou o recoñecemento da obriga, non obstante produxose o vencemento da mesma, rexistrarase a periodificación mediante unha anotación da fase “O” correspondente.

En aplicación do artigo 14 da Lei 39/2015, do Procedemento Administrativo Común, as persoas xurídicas virán obrigadas a presentar factura electrónica a través da plataforma FACe.

**BASE 22ª.- Cesión de dereitos de cobro de certificacións e facturas**

Cando un acredor direto do Concello pretenda ceder ou endosar a un terceiro o dereito de cobro que ostenta contra a Administración, deberán cumplirse os seguintes requisitos:

a) que se teña recoñecida a obriga a favor do cedente. Non obstante, de non terse aprobada e, en consecuencia, non existindo dereito de cobro, admitirase excepcionalmente a comunicación do endoso, salvándose dita circunstancia mediante dilixencia e quedando en todo caso supeditado o cobro ao efectivo recoñecemento da obriga
b) comunicación fidedigna á Administración municipal
c) identificación suficiente de cedente e cesionario e do novo número de conta no que o cesionario desexa recibir o ingreso por transferencia

Non se aceptarán cesións xerais por todo un contrato nin cesións de futuro.

**BASE 23ª.- Gastos de carácter periódico e demais de tracto sucesivo.**

Son aqueles que polo seu carácter repetitivo quedan excluídos do procedemento xeral de fiscalización previa, sempre e cando aquela realizárase sobre o expediente de gasto correspondente ao período inicial do Acto ou Contrato ou ao das súas Modificacións.

Cod. Validación: 7MGW7J7KR4C999P3Q793CT4XP
Corrección: https://sansadurnino.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 9 a 39

San Sadurniño
www.sansadurnino.gal

O Casal, 16
15560 San Sadurniño (A Coruña)
Teléf. 981 490 027
Fax. 981 490 474

As aplicacións orzamentarias destinadas a recoller crédito para gastos de carácter periódico e tracto sucesivo relativos a teléfono, alumeado e outros similares serán obxecto da oportuna retención de crédito ao inicio do exercicio orzamentario polo importe anual de gasto estimado, tomando para elo como base o importe das obrigas recoñecidas no exercicio anterior e a evolución interanual dos prezos correspondentes.

Polo seu carácter e sistema de facturación, imputaranse contablemente ao exercicio de presentación do documento xustificativo aínda que o periodo de prestación sucesiva inclúa datas do exercicio anterior.

**BASE 24ª.-Ordes de pago a xustificar e anticipos de caixa fixa.**

Non se poderán expedir ordes de pago a xustificar sen a debida xustificación da obriga a que a mesma se refira.

Non obstante, con carácter excepcional, poderán expedirse ordes de pago " a xustificar " en cuxo caso deberán axustarse ás seguintes normas:

1.- requerirá da previa a aprobación polo órgano competente da autorización e disposición do gasto, aportándose informe sobre as circunstancias polas que non se pode acompañar os documentos xustificativos antes da orde de pago e informe da Intervención ao respecto.

Estas ordes non poderán ser superiores a tres mil euros.

2.- Os fondos librados a xustificar poderán situarse a disposición da persoa autorizada, en conta corrente aperturada ao efecto ou ben entregándose en efectivo ou por cheque nominativo ao perceptor.

3.- Os conceptos orzamentarios aos que son de aplicación as ordes de pago "a xustificar", limítanse aos diferentes conceptos do capítulo 2 da clasificación económica do Orzamento de Gastos.

4.- A xustificación de ordes de pago expedidas co carácter de "a xustificar" deberán efectuarse no prazo máximo de tres meses dende a súa expedición e, en todo caso, antes de que finalice o exercicio orzamentario.

5.- Os perceptores de fondos librados "a xustificar" deberán de render ante a Intervención conta xustificativa de ditos gastos acompañando as facturas e documentos que xustifiquen a mesma. A citada conta coa súa documentación e o informe da Intervención someterase á aprobación da Alcaldía, ou órgano en que delegue.

Cando non se xustifique a totalidade dos fondos percibidos procederase ao reintegro das cantidades percibidas en exceso, acompañando a dita conta xustificante do ingreso efectuado. De non renderse a conta en prazo ou non restituir o importe non xustificado, procederase a instruír expediente de alcance contra o perceptor dos fondos.

Cod. Validación: 7MGW7J7KR4C999P3Q793CT4XP
Corrección: https://sansadurnino.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 10 a 39

San Sadurniño
www.sansadurnino.gal

O Casal, 16
15560 San Sadurniño (A Coruña)
Teléf. 981 490 027
Fax. 981 490 474

6.- Só poderán expedirse ordes de pago a xustificar cando o perceptor non teña pendente de xustificar polo mesmo concepto orzamentario fondos librados con este carácter.

Os fondos librados con carácter de anticipos de caixa fixa regularanse polas seguintes normas:

1.- Ámbito: destinarase exclusivamente a atender gastos correntes de carácter periódico e repetitivo tales como material de oficina non inventariable, subministro de produtos perecedoiros tales como alimentación, combustible, material funxible, servicios de mantemento de edificios, instalacións, etc e calquera outro de similar natureza que sexa imputables ao capítulo 2 do Orzamento de Gastos.

2.- Contía: Os gastos a atender mediante o anticipo de caixa fixa non poderán ser superiores a 600,00 € por factura e o total anual anticipado non poderá ser superior a 3.000,00 €.

3.- Disposición de fondos: efectuaranse mediante cheques nominativos ou transferencias bancarias, autorizada pola firma do Tesoureiro por actuar de habilitado de pagos para o anticipo.

4.- Control: Mensualmente e acompañando á conta do período respectivo achegaranse no seu caso estado demostrativo do movemento da conta bancaria e saldo da mesma para a súa fiscalización pola Intervención de Fondos.

5.- Xustificación: as ditas contas seguirán a súa tramitación ordinaria, dando lugar ás correspondentes ordes de pago das cantidades a que ascende cada un dos conceptos, ingresándose o importe total na conta corrente de Anticipos de Tesourería ou librándose un pago en metálico.

Os gastos efectuados con cargo a fondos librados como anticipos de caixa fixa non estarán sometidos a intervención previa nos termos sinalados polo artigo 219 do Real decreto – Lexislativo 2/2004.

## CAPÍTULO 2º. -NORMAS REGULADORAS DE DETERMINADOS INGRESOS

### BASE 25ª. – Recoñecemento de dereitos e xestión de tributos

Procederá o recoñecemento de dereitos cando se coñeza a existencia dun feito de natureza xurídica ou económica, xerador dun dereito a favor do Concello, calquera que sexa a súa orixe.

Para determinar o momento de recoñecemento estarase ás seguintes regras:

a) liquidacións de contraído previo e ingreso direto: contabilizarase o recoñecemento coa aprobación da liquidación

Cod. Validación: 7MGW7J7KR4C999P3Q793CT4XP
Corrección: https://sansadurnino.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 11 a 39

San Sadurniño
www.sansadurnino.gal

O Casal, 16
15560 San Sadurniño (A Coruña)
Teléf. 981 490 027
Fax. 981 490 474

b) liquidacións de contraído previo e ingreso por recibo: contabilizarase o recoñecemento coa aprobación do padrón ou lista cobratoria correspondente
c) autoliquidacións e ingresos sen contraído previo: contabilizarase o recoñecemento no momento do ingreso ou da presentación da autoliquidación sen ingreso
d) axudas, subvencións, donacións ou outras formas de cesión de recursos por terceiros: contabilizarase cando se constate a materialización das obrigas que, no seu caso, viñeran impostas ao Concello como consecuencia do convenio, acordo ou compromiso firme de aportación. Entenderanse cumpridas ditas obrigas no momento de xustificación bastante da aplicación dos fondos á finalidade subvencionada
e) ingresos por participación nos tributos estatais ou autonómicos: contabilizarase o recoñecemento no momento do cobro das entregas a conta.

Corresponde ao Concello de San Sadurniño a elaboración dos padróns de tributos de vencemento periódico e cobro por recibo (agás os impostos delegados na Deputación Provincial de A Coruña).

Unha vez elaborado o padrón ou lista cobratoria pasarase, xunto cos recibos á Tesouraría. A aprobación lle corresponderá á Alcaldía-Presidencia e o acuerdo publicarase no Boletín Oficial da Provincia, someténdoo, polo prazo de quince días, a reclamacións. No propio anuncio indicarase o periodo de pago en voluntaria, por prazo mínimo de dos meses, ou se non fora posible, polo prazo de aplicación da normativa de recadación pública.

**<u>BASE 26ª.- Realización de ingresos</u>**

O ingreso de dereitos recoñecidos a favor do Concello poderá realizarse a través dos seguintes medios:

* cheque nominativo a favor do Concello, debidamente conformado pola entidade bancaria

* ingreso directo nas contas correntes do Concello

* transferencia bancaria nas contas correntes do Concello

* mediante tarxeta bancaria nas oficinas municipais

* excepcionalmente, e para contías inferiores a 1,00€, admitirase o pagamento en metálico nas oficinas municipais

Asimesmo, os ingresos poderanse realizar mediante operacións en formalización que non producirán variacións efectivas da tesouraría.

## CAPÍTULO 3º.- NORMAS ESPECÍFICAS DE DETERMINADOS GASTOS

**<u>BASE 27ª.- Gastos e xestión de persoal</u>**

As retribucións de todo o persoal faranse efectivas conforme ás contías que resulten do Anexo de persoal que se adxunta ao Orzamento, así como segundo as normas legais e

Cod. Validación: 7MGW7J7KR4C999P3Q793CT4XP
Corrección: https://sansadurnino.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 12 a 39

San Sadurniño
www.sansadurnino.gal

O Casal, 16
15560 San Sadurniño (A Coruña)
Teléf. 981 490 027
Fax. 981 490 474

regulamentarias, relación de postos de traballo e acordos ou Convenios que puideran alcanzarse.

O pago de toda clase de retribucións efectuarase mediante nómina mensual que se pechará o día 20 de cada mes e as alteracións que se produzan con posterioridade a esta data causarán efecto na nómina do mes seguinte.

Unha vez realizado o asento de apertura do Orzamento de gastos, contabilizarase a retención de créditos polo importe total das retribucións de persoal a cargo do Concello. Con carácter mensual efectuaranse as restantes contabilizacións de fases acumulando as mesmas.

Por operatividade contable e economía administrativa, a Seguridade Social a conta do Concello de San Sadurniño derivado do persoal a cargo será imputada na partida 9200.16000 con independencia da asignación funcional de cada posto de traballo.

Todos os conceptos recollidos na Relación de postos de traballo e na actual estrutura salarial do persoal municipal, quer funcionario, quer persoal laboral, serán incrementados na porcentaxe que indique a Lei de Orzamentos Xerais do Estado para o exercicio correspondente e, no seu caso, sucesivas modificacións.

**BASE 28ª.- Retribucións, axudas de custo e indemnizacións de membros da Corporación e persoal ao seu servizo**

No tocante a indemnizacións de funcionarios e outro persoal ao servizo do Concello estarase ao sinalado no Real Decreto 462/2002 de indemnizacións por razón de servicio, entendendo indemnizables previa xustificación documental, os gastos de peaxe e aparcamento. Os importes de retribucións e asistencias serán os acordados plenariamente por sesións extraordinaria de data 4 de xullo de 2023 e ordinaria de 27 de xullo de 2023, sendo que un novo acordo neste sentido terá preferencia sobre o disposto na presente Base.

Os membros da corporación sen dedicación exclusiva percibirán por asistencia ás sesións dos órganos colexiados do que formen parte, agás a Xunta de Goberno Local, a cantidade de CEN EUROS (100,00 €), considerándose como unha soa as asistencias na mesma xornada, salvo que unha das sesións se celebre pola mañá e outra pola tarde.

Os membros da corporación sen dedicación exclusiva percibirán por asistencia ás sesións da Xunta de Goberno Local, a cantidade de DOUSCENTOS EUROS (200,00 €), considerándose como unha soa as asistencias na mesma xornada a calquera órgano colexiado, salvo que unha das sesións se celebre pola mañá e outra pola tarde.

Os grupos políticos municipais terán unha asignación mensual fixa de CINCUENTA EUROS (50,00 €) e unha variable de DEZ EUROS (10,00 €) por concelleiro ou concelleira integrante de cada un dos grupos.

As axudas de custo por traslado fóra da localidade do presidente e membros da corporación quedan fixadas na seguinte contía:

- Dieta enteira: 90,00 €

Cod. Validación: 7MGW7J7KR4C999P3Q793CT4XP
Corrección: https://sansadurnino.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 13 a 39

O Casal, 16
15560 San Sadurniño (A Coruña)
Teléf. 981 490 027
Fax. 981 490 474

- Media dieta: 60,00 €

Os gastos de locomoción dos membros da corporación rexeranse polo disposto no RD 462/2002, do 24 de maio, e posteriores actualizacións. Aboaranse ademais, logo de xustificación, os gastos correspondentes a peaxes e estacionamento, cando sexan necesarios.

De conformidade co artigo 75 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, aboaranse as retribucións por adicacións exclusivas/parciais que se acorden polo Pleno da Corporación na sesión constitutiva posterior á celebración das elecciones municipais aplicable en cada caso. No tocante á adicación que puidera acordarse para a Alcaldía, e soamente neste suposto, terán carácter retroactivo as retribucións dende o día de toma de posesión do cargo.

**BASE 28ª.- Transferencias correntes e de capital**

En todo caso, deberá formar parte do expediente correspondente o certificado de existencia de crédito, e expedirase o documento ADO unha vez se conceda a subvención a un beneficiario concreto, quen deberá, en todo caso, estar ao corrente no cumprimento de obrigas fiscais co Concello e comunicar á Administración Municipal calesquera outras posibles axudas para a mesma finalidade. A existencia de débedas non aboadas en periodo voluntario coa Facenda Municipal non será causa de denegación da subvención pero xerará un expediente de compensación.

Poderase emitir o pago con carácter de subvención prepagable cuando se estableza expresamente no convenio o nas bases, segundo proceda.

En el caso de aportacións obrigatorias a outras Administracións, tramitarase documento “AD” tan pronto como se coñeza a contía da aportación sempre que exista acreditación fedacente da obriga. Se a fin de exercicio non se coñecera o importe da aportación obrigatoria, reclamarase formalmente certificación de dito dato, a fin de contabilizar o correspondente documento “ADO”.

**CAPÍTULO 3º.- FUNCIÓN FISCALIZADORA**

**BASE 29ª.- Exercicio da función fiscalizadora**

A Secretaría-Intervención municipal exercerá as funcións de control e fiscalización interna da xestión económico-financieira e orzamentaria do Concello, de acordo cos termos establecidos nos artigos 213 a 222 do Texto Refundido da Lei de Facendas Locais e nas presentes Bases de Execución, así como na restante normativa de aplicación.

A fiscalización externa das contas e xestión económica do Concello é función propia do Tribunal de Cuentas e o Tribunal de Contas de Galicia.

Cod. Validación: 7MGW7J7KR4C999P3Q793CT4XP
Corrección: https://sansadurnino.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 14 a 39

O Casal, 16
15560 San Sadurniño (A Coruña)
Teléf. 981 490 027
Fax. 981 490 474

A intervención municipal deberá contar cun prazo mínimo de dez días para emitir calquera informe de fiscalización, en caso contrario, a fiscalización limitarase á constatación da existencia de crédito orzamentario adecuado e suficiente e que o gasto vaise aprobar por órgano competente, non asumindo máis responsabilidade que a derivada da comprobación dos sinalados extremos.

**BASE 30ª.-Exención de fiscalización previa e réxime simplificado de control interno con fiscalización e intervención limitada previa** (artigo 219 da Lei de Facendas Locais e 40 do Real Decreto 424/2017)

PRIMEIRO.- EXENCIÓN DE FISCALIZACIÓN PREVIA

Non estarán sometidos a fiscalización previa:

a) Os gastos de material non inventariable.

b) Os contratos menores.

c) Os gastos de carácter periódico e demáis de tracto sucesivo, unha vez fiscalizado o gasto correspondente ao período inicial do acto ou contrato do que deriven ou as súas modificacións.

d) Os gastos menores de 3.005,06 euros que, de acordo coa normativa vixente, se fagan efectivos a través do sistema de anticipos de caixa fixa.

SEGUNDO.- RÉXIME SIMPLIFICADO DE CONTROL INTERNO

O Concello de San Sadurniño atópase incluido dentro do réxime simplificado de control interno que regula o Real Decreto 424/2017, de 28 de abril, polo que se regula o réxime xurídico de control interno nas entidades do Sector Público Local.

TERCEIRO.- FISCALIZACIÓN E INTERVENCIÓN LIMITADA PREVIA DE GASTOS

A fiscalización e intervención limitada previa de obrigas ou gastos realizarase mediante a comprobación dos seguintes extremos:

a) Existencia de crédito orzamentario e que o proposto é o adecuado á natureza do gasto ou obriga que se propón contraer.

Nos casos en que o crédito orzamentario dea cobertura a gastos con financiación afectada comprobarase que os recursos son executivos.

Cando se trate de contraer compromisos de gastos de carácter plurianual comprobarase, ademáis, se se cumpre o preceptuado no artigo 174 do texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais.

b) Que as obrigas ou gastos xeneranse por órgano competente.

Cod. Validación: 7MGW7J7KR4C999P3Q793CT4XP
Corrección: https://sansadurnino.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 15 a 39

San Sadurniño
www.sansadurnino.gal

O Casal, 16
15560 San Sadurniño (A Coruña)
Teléf. 981 490 027
Fax. 981 490 474

c) Aqueles extremos adicionais que, atendendo á natureza dos distintos actos, documentos ou expedientes e dada a súa trascendencia no proceso de xestión, se conteñen no ANEXO I. (Actualmente considéranse, en todo caso, extremos trascendentes, e por tanto básicos, os establecidos na RESOLUCIÓN DE 2 DE XUÑO DE 2008 da IGAE).

As obrigas ou gastos sometidos a fiscalización limitada a que se refire o art. 13.2 do Real Decreto 424/2017, polo que se regula o réxime xurídico do control interno nas entidades do Sector Público Local serán obxeto de outra plena con posterioridade. Ditas actuacións levaranse a cabo no marco das actuacións do control financieiro que se planifique nos termos recollidos no título III do Real Decreto 424/2017.

Cando dos informes de fiscalización se deduza que se teñen omitido requisitos ou trámites que sexan esenciais ou que a continuación da xestión administrativa puidera causar quebrantos económicos á Tesouraría municipal ou a un terceiro, procederase ao exame exhaustivo do expediente e se, a xuizo da Intervención, se dan as mencionadas circunstancias, haberá de actuar conforme ao preceptuado nos artigos 215 e seguintes do Texto Refundido da Lei Reguladora de Facendas Locais.

CUARTO.- TOMA DE RAZÓN EN CONTABILIDADE

A fiscalización previa dos dereitos queda sustituida pola inherente á toma de razón en contabilidade e por actuacións comprobatorias posteriores mediante a utilización de técnicas de muestreo ou auditoría (arts. 219.4 do TRLFL e art. 9 do RD 424/2017).

QUINTO.- FISCALIZACIÓN POSTERIOR DE DEREITOS

O control posterior dos dereitos e ingresos da Tesouraría da Entidade Local efectuarase mediante o exercicio do control financieiro. A sustitución da fiscalización previa dos dereitos e ingresos da Tesouraría da Entidade Local polo control inherente á toma de razón en contabilidade e o control posterior non alcanzará á fiscalización dos actos de ordenación e pago material derivados de devolucións de ingresos indebidos.

**BASE 31ª.- A comprobación material das obras, servizos ou subministros**

Con carácter xeral, a Intervención delega estas funcións en técnico municipal ou persoa competente por razón da natureza da prestación. Excepcionalmente, cando existan circunstancias que o aconsellen, realizará persoalmente ditas funcións.

**BASE 32ª. – Aprazamentos e fraccionamentos**

Poderanse conceder fraccionamientos ou aprazamentos nos supostos e termos expresados no Real Decreto 208/2002, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Recadación. A competencia para a súa concesión corresponderá á Alcaldía-Presidencia. Decláranse exentas

Cod. Validación: 7MGW7J7KR4C999P3Q793CT4XP
Corrección: https://sansadurnino.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 16 a 39

San Sadurniño
www.sansadurnino.gal

O Casal, 16
15560 San Sadurniño (A Coruña)
Teléf. 981 490 027
Fax. 981 490 474

de prestar garantía e/ou xustificación da solicitude de aprazamento e/ou fraccionamento aquelas que se refiran a débedas inferiores a 10.000,00€

**DISPOSICIÓN FINAL**

Para o non previsto nas presentes Bases de Execución, estarase ao disposto con carácter xeral na lexislación de réxime local, na Lei 47/2003 Xeral Orzamentaria, na Lei 58/2003 Xeral Tributaria, na Lei 9/2017 de Contratos do Sector Público, na Relación de Postos de Traballo e demáis normas de aplicación.

San Sadurniño, a data de sinatura electrónica.

O Alcalde,

Secundino García Casal

ANEXO I

PRIMEIRO.- Establécese como sistema xeral para todo tipo de expediente de gasto a fiscalización previa limitada debendo de verificar os extremos do art. 13.2 do Real Decreto 424/2017. Non obstante, nos expedientes que se recollen expresamente no presente anexo, ademáis deberanse comprobar os extremos que se determinen de xeito particular.

SEGUNDO.- Nos supostos en que a fiscalización resulte favorable, o informe poderase sustituir por unha dilixencia na que constará “Intervido e conforme”, a data, a sinatura e o pé de sinatura do órgano Interventor. Naqueles casos que a normativa estableza a necesidade de informe de intervención e o expediente estea suxeito a fiscalización, ese informe entenderase subsumido dentro do informe de intervención.

TERCEIRO.- Nos expedientes de contratación de persoal laboral os extremos adicionais a fiscalizar serán:

1. Proposta de contratación de persoal laboral fixo:

Cumprimento dos límites que, no seu caso, se establezan á contratación pola LPXE para ese exercicio.

Existencia de proposta nos termos establecidos no artigo 172 do ROF en que se recolla que os postos a cubrir figuran nas respectivas relacións ou catálogos de postos de traballo e están vacantes.

Ter sido cumprimentado o requisito de publicidade das correspondentes convocatorias.

Acreditación dos resultados do proceso selectivo.

Cod. Validación: 7MGW7J7KR4C999P3Q793CT4XP
Corrección: https://sansadurnino.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 17 a 39

San Sadurniño
www.sansadurnino.gal

O Casal, 16
15560 San Sadurniño (A Coruña)
Teléf. 981 490 027
Fax. 981 490 474

2. Proposta de contratación de persoal laboral temporal:

Que se trate de servizos públicos esenciais, para casos excepcionais e/ou cubrir necesidades urxentes e inaprazables.

Existencia de informe xustificativo do responsable do departamento ou área que promove a contratación.

Acreditación dos resultados do proceso selectivo.

Que as retribucións que se sinalen no contrato se axustan ao Convenio Colectivo que resulte de aplicación.

CUARTO.- Nas nóminas de retribucións do persoal ao servizo do Concello, os extremos adicionais a fiscalizar serán:

- Existencia de informe proposta nos termos do artigo 172 do ROF. No caso das de carácter ordinario e as unificadas de período mensual, comprobación aritmética que se realizará efectuando o cadro do total da nómina co que resulte do mes anterior máis a suma alxebraica das variacións incluidas na nómina do mes de que se trate.
- Xustificación documental limitada aos seguintes supostos:

a) Persoal de novo ingreso: Acordo de nomeamento e dilixencia da correspondente toma de posesión ou copia do contrato segundo se trate de funcionario ou laboral.

b) Situacións de Incapacidade Temporal: documento acreditativo da primeira baixa ou da alta.

QUINTO.- Nos expedientes de reclamacións que se formulen ante o Concello, en concepto de indemnización de danos e perxuizos, por responsabilidade patrimonial, os extremos adicionais a fiscalizar serán os seguintes:

- Que existe informe do servizo cuxo funcionamento teña ocasionado a presunta lesión indemnizable.
- Que existe, no seu caso, ditame do Consello Consultivo.

SEXTO.- Nos expedientes de gasto derivados das reclamacións por salarios de tramitación en xuizos por despido e cuotas da Seguridade Social asociadas aos mismos, os seguintes extremos adicionais:

- Que se aporta certificación do Xulgado do Social, testimoniando a sentenza declaratoria do despido improcedente e facendo constar a súa firmeza.
- Que se aporta xustificante de previo abono dos salarios de tramitación e do ingreso das cuotas da Seguridade Social asociadas aos mesmos.

SÉTIMO.- Nos expedientes de gasto derivados de expropiacións forzosas, os extremos adicionais a fiscalizar serán os seguintes:

1. Depósitos previos.

-Que existe acta previa á ocupación.

Cod. Validación: 7MGW7J7KR4C999P3Q793CT4XP
Corrección: https://sansadurnino.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 18 a 39

San Sadurniño
www.sansadurnino.gal

O Casal, 16
15560 San Sadurniño (A Coruña)
Teléf. 981 490 027
Fax. 981 490 474

-Que existe declaración de urxente ocupación dos bens.

-Que existe folla de depósito previo á ocupación.

2. Indemnización por rápida ocupación.

-Que existe declaración de urxente ocupación dos bens

-Que existe acta previa á ocupación.

-Que existe documento de liquidación da indemnización.

Nos expedientes de determinación do xustiprezo polos procedementos ordinario e de mutuo acordo:

-Que existe a proposta á que se refiere o artigo 25.a) do Decreto de 26 de abril de 1957 polo que se aproba o Regulamento da Lei de Expropiación Forzosa.

-Que existe informe dos servicios técnicos correspondentes en relación co valor do ben obxecto da expropiación.

OITAVO.- Nos expedientes de contratos de obras, os extremos adicionais a fiscalizar serán os seguintes:

1. OBRAS EN XERAL:

1.1. Expediente inicial:

A) Aprobación do gasto:

-Que existe proxecto informado pola Oficina de Supervisión de Proxectos, se procede. Cando non exista informe da Oficina de Supervisión de Proxectos, e non resulte procedente por razón da contía, que ao expediente se incorpora pronunciamento expreso de que as obras do proxecto non afectan á estabilidade, seguridade ou estanqueidade da obra.

-Que existe prego de cláusulas administrativas particulares ou, no seu caso, documento descriptivo, informado polo Servizo Xurídico.

Cando se utilice modelo de prego de cláusulas administrativas, verificar que o contrato a celebrar é de natureza análoga ao informado polo Servizo Xurídico.

-Que existe acta de replanteo previo

-Que o prego de cláusulas administrativas particulares ou o documento descriptivo establece, para a determinación da oferta económicamente máis vantaxosa, criterios directamente vinculados ao obxecto do contrato; e que cando se utilice un único criterio éste sexa o do prezo máis baixo.

-Que o prego de cláusulas administrativas particulares ou o documento descriptivo prevé, cando proceda, que a documentación relativa aos criterios cuxa ponderación dependa dun xuizo de valor ten de presentarse en sobre independente do resto da proposición.

Cod. Validación: 7MGW7J7KR4C999P3Q793CT4XP
Corrección: https://sansadurnino.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 19 a 39

San Sadurniño
www.sansadurnino.gal

O Casal, 16
15560 San Sadurniño (A Coruña)
Teléf. 981 490 027
Fax. 981 490 474

-Cando se propoña como procedemento de adxudicación calquera distinto do aberto, comprobar que concurren os supostos previstos na normativa contractual para utilizar dito procedemento.

-Cando se prevea no prego de cláusulas administrativas particulares a posibilidade de modificar o contrato nos termos do artigo 204 da LCSP 9/2017, verificar que se expresa coas condicións establecidas no citado artigo.

-Cando se prevea no prego de cláusulas administrativas particulares a utilización da poxa electrónica, verificar que os criterios de adxudicación a que se refire a mesma se baseen en modificacións referidas ao prezo ou requisitos cuantificables e susceptibles de ser expresados en cifras ou porcentaxes.

-Nos supostos do artigo 227 da LCSP 9/2017, que se acompaña o informe favorable da Dirección General del Patrimonio del Estado.

-Que, no seu caso, consta a retención del crédito esixida polo artigo 58 do Real Decreto 111/1986, de desenvolvemento parcial da Lei 16/1985, do Patrimonio Histórico Español.

B) Compromiso do gasto (adxudicación):

-Cando se propoña a adxudicación do contrato, que a mesma corresponde á proposición económica máis vantaxosa conforme coa valoración realizada polo órgano competente no seu caso, e que dita proposta de adxudicación se suscribe igualmente polo funcionario competente de conformidade co disposto nos artigos 172 e175 do RD 2568/1986 (ROF).

-Cando se declare a existencia de ofertas con valores anormais ou desproporcionados, que existe constancia da solicitude da información aos licitadores supostamente comprendidos nelas e do informe do servicio técnico correspondente.

-Cando, de acordo coa normativa, non se teña constituido Mesa de contratación, que existe conformidade da clasificación concedida ao contratista que se propón como adxudicatario provisional coa esixida no prego de cláusulas administrativas particulares cando proceda.

-Cando se utilice o procedemento negociado, que existe constancia no expediente das invitacións cursadas, das ofertas recibidas e das razóns para a súa aceptación ou rexeitamento aplicadas polo órgano de contratación, de conformidade co disposto no artigo 169 da LCSP 9/2017.

-Que se acredita a constitución da garantía definitiva.

-Acreditación de que o licitador que se propón como adxudicatario atópase ao corrente das súa obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

1.2. Modificados:

Cod. Validación: 7MGW7J7KR4C999P3Q793CT4XP
Corrección: https://sansadurnino.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 20 a 39

San Sadurniño
www.sansadurnino.gal

O Casal, 16
15560 San Sadurniño (A Coruña)
Teléf. 981 490 027
Fax. 981 490 474

No caso de modificacións previstas segundo o artigo 204 da LCSP 9/2017, que a posibilidade de modificar o contrato atópese prevista nos pregos ou no anuncio da licitación, e que non supera a porcentaxe do prezo do contrato ao que como máximo poden afectar. No caso de modificacións non previstas, que se acompaña informe técnico xustificativo dos extremos previstos no artigo 205 da LCSP 9/2017.

Que existe proxecto informado pola Oficina de Supervisión de Proxectos, se procede. Cando non exista informe da Oficina de Supervisión de Proxectos, e non resulte procedente por razón da contía, que ao expediente se incorpora pronunciamiento expreso de que as obras do proxecto non afectan á estabilidade, seguridade ou estanqueidade da obra.

Que a proposta de aprobación do expediente de modificado se informa xurídicamente polo Servizo de Secretaría de conformidade co disposto nos artigos 172 e 175 do RD 2568/1986 (ROF).

Que existe acta de replanteo previo.

1.3. Obras accesorias o complementarias: deberán comprobarse os mesmos extremos previstos que para o expediente inicial.

1.4. Certificacións de obra:

-Que existe certificación, autorizada por facultativo Director da obra e coa conformidade dos servizos técnicos correspondentes.

- No caso de efectuarse anticipos dos previstos no artigo 240 da LCSP 9/2017, comprobar que tal posibilidade está contemplada no prego de cláusulas administrativas particulares e que se ten prestado a garantía esixida.

-Cando a certificación de obra inclúa revisión de prezos, para o seu abono, comprobar que se cumplen os requisitos esixidos polo artigo 103 da LCSP 9/2017 e que non está expresamente excluida a posibilidade de revisión no prego de cláusulas administrativas particulares nin no contrato.

1.5. Certificación final:

-Que existe informe da Oficina de Supervisión de Proxectos, se procede.

-Que existe certificación final, autorizada por facultativo Director da Obra.

-Que se acompaña acta de conformidade da recepción da obra ou, no seu caso, acta de comprobación á que se refire o artigo 168 do Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas ou acta de comprobación e medición á que se refire o artigo 210 da LCSP 9/2017.

-Que se aporta factura pola empresa adxudicataria de acordo co previsto no Real Decreto 1619/2012, polo que se regulan as obrigas de facturación.

Cod. Validación: 7MGW7J7KR4C999P3Q793CT4XP
Corrección: https://sansadurnino.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 21 a 39

San Sadurniño
www.sansadurnino.gal

O Casal, 16
15560 San Sadurniño (A Coruña)
Teléf. 981 490 027
Fax. 981 490 474

-Que non hai variacións maiores ao 10%, conforme ao art. 242 da LCSP 9/2017 (dado que nese caso sería un modificado de contrato).

1.6. Liquidación:

-Que existe informe favorable do facultativo Director de obra.

-Que existe informe da oficina de supervisión de proxectos, se procede.

-Que se aporta factura da empresa adxudicataria de acordo co previsto no Real Decreto 1619/2012, que aproba o Regulamento que regula as obrigas de facturación e se modifica o Regulamento do Impuesto sobre o Valor Engadido.

-Que existe informe xurídico da súa adecuación a normativa.

1.7. Pago de xuros de demora: que existe informe do servizo xurídico.

1.8. Indemnización a favor do contratista: que existe informe do servizo xurídico e informe técnico.

1.9. Revisións de Prezos: que se cumpren os requisitos recollidos no artigo 103 da LCSP e que a posibilidade de revisión non está expresamente excluida no prego de cláusulas administrativas particulares nin no contrato.

1.10. Resolución do contrato de obra: que existe informe do Servizo Xurídico.

2. CONTRATACIÓN CONXUNTA DE PROXECTO E OBRA:

2.1. A fiscalización destes expedientes realizarase con arreglo ao previsto para os de obras en xeral, coas seguintes especialidades:

a) Aprobación e compromiso del gasto: De acordo co artigo 234 da LCSP 9/2017 a fiscalización se pospón ao momento inmediato anterior á adxudicación ata que se coñeza o importe e as condicións do contrato de acordo coa proposición seleccionada, debendo comprobarse como extremos adicionais os seguintes:

-Que se aporta xustificación sobre a súa utilización de conformidade co artigo 234.1 da LCSP 9/2017.

-Que existe anteproxecto ou, no seu caso, bases técnicas ás que o proxecto deba axustarse.

Cod. Validación: 7MGW7J7KR4C999P3Q793CT4XP
Corrección: https://sansadurnino.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 22 a 39

San Sadurniño
www.sansadurnino.gal

O Casal, 16
15560 San Sadurniño (A Coruña)
Teléf. 981 490 027
Fax. 981 490 474

b) Formalización: No seu caso, que se acompaña certificado do rexistro correspondente ao órgano de contratación, ou do propio órgano de contratación, que acredite que non se ten interposto recurso especial en materia de contratación contra a adxudicación ou dos recursos interpostos. Neste segundo suposto, deberá comprobarse igualmente que ten recaído resolución expresa do órgano que resolve o recurso, xa sexa desestimando o recurso ou recursos interpostos, ou acordando o levantamento da suspensión.

c) Certificacións de Obra: Cando se fiscalice a primeira certificación, xunto cos extremos previstos no apartado noveno 1.4, deberá comprobarse:

-Que existe proxecto informado pola Oficina de Supervisión de Proxectos e aprobado polo órgano de contratación.

-Que existe acta de replanteo previo.

2.2 Cando, no caso do artigo 234.5 da LCSP 9/2017, non sexa posible establecer o importe estimativo da realización das obras:

a) Aprobación e compromiso do gasto: no momento inmediatamente anterior á adxudicación do contrato deberán ser obxecto de comprobación os extremos previstos en relación coa aprobación e compromiso do gasto para o caso xeral de contratación conxunta de proxecto e obra, a excepción da existencia de crédito orzamentario adecuado e suficiente en relación co gasto derivado da execución das obras.

Previamente á aprobación do expediente de gasto correspondente á execución das obras, que de acordo co artigo 232.4 da LCSP 9/2017 é posterior á adxudicación do contrato, serán obxecto de comprobación os seguintes extremos: que existe proxecto informado pola Oficina de Supervisión de Proxectos, se procede, e que existe acta de replanteo previo.

2.3 Supostos específicos de liquidación do proxecto:

Naqueles supostos nos que, conforme ao previsto no artigo 232.3 da LCSP 9/2017, o órgano de contratación e o contratista non chegaran a un acordo sobre os prezos, ou conforme ao artigo 232.5 da LCSP 9/2017, a Administración renunciara á execución da obra, os extremos a comprobar na liquidación dos traballos de redacción dos correspondientes proxectos serán os relativos á liquidación dos contratos de servizos.

3. CONTRATOS DE OBRAS BAIXO A MODALIDADE DE ABONO TOTAL DO PREZO:

Cod. Validación: 7MGW7J7KR4C999P3Q793CT4XP
Corrección: https://sansadurnino.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 23 a 39

San Sadurniño
www.sansadurnino.gal

O Casal, 16
15560 San Sadurniño (A Coruña)
Teléf. 981 490 027
Fax. 981 490 474

A fiscalización destes expedientes comprenderá, xunto cos extremos previstos para os de obras en xeral en cada tipo de expediente, os seguintes na aprobación do gasto do expediente inicial:

-Que existe acordo do órgano competente aprobando o importe máximo que pode realizarse no exercicio orzamentario baixo esta modalidade, con especificación dos contratos que comprende e no que estea incluido o que se pretende tramitar.

-Que o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares inclúe as condicións específicas de financiación, así como no seu caso, a capitalización dos seus xuros e a súa liquidación, de xeito que sexa posible a determinación do prezo final a pagar.

NOVENO.- Nos expedientes de contratos de subministros, con excepción dos que se adxudiquen no marco dun sistema de racionalización técnica da contratación, os extremos adicionais serán os seguintes:

1. SUBMINISTROS EN XERAL

1.1. Expediente inicial:

A) Aprobación do gasto (ademáis dos sinalados no punto Oitavo 1.1.a) que sexan aplicables):

-Que existe prego de cláusulas administrativas particulares ou, no seu caso, documento descriptivo, informado polo Servizo Xurídico.

-Que existe prego de prescripcións técnicas do subministro.

-Cando se propoña como procedimiento de adxudicación o negociado, comprobar que concurren os supostos previstos na normativa contractual para a súa utilización.

-No seu caso, que a duración do contrato prevista no prego de cláusulas administrativas particulares ou o documento descriptivo axústase ao previsto na Lei de Contratos do Sector Público.

-Cando se propoña como procedemento de adxudicación o diálogo competitivo, verificar que se cumpre algún dos supostos de aplicación do artigo 167 da LCSP 9/2017.

-Nos supostos do artigo 229 da LCSP 9/2017, que se acompaña o informe favorable da Dirección General del Patrimonio del Estado.

B) Compromiso do gasto (adxudicación)(ademáis dos sinalados no punto Oitavo 1.1.b) que lle sexan de aplicación):

-Cando se propoña a celebración dun contrato con prezos provisionais de conformidade co artigo 102.7 da LCSP 9/2017, que se detallan na proposta de adxudicación os extremos contidos nas letras a), b) e c) do citado precepto.

Cod. Validación: 7MGW7J7KR4C999P3Q793CT4XP
Corrección: https://sansadurnino.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 24 a 39

San Sadurniño
www.sansadurnino.gal

O Casal, 16
15560 San Sadurniño (A Coruña)
Teléf. 981 490 027
Fax. 981 490 474

C) Formalización: No seu caso, que se acompaña certificado do rexistro correspondente ao órgano de contratación, ou do propio órgano de contratación, que acredite que non se interpuxo recurso especial en materia de contratación contra a adxudicación ou dos recursos interpostos. Neste segundo suposto, deberá comprobarse igualmente que tera recaído resolución expresa, xa sexa desestimando o recurso ou recursos interpostos, ou acordando o levantamento da suspensión.

1.2 Revisión de prezos: que se cumpren os requisitos recollidos no artigo 103 da LCSP 9/2017 e que a posibilidade de revisión non está expresamente excluida no prego de cláusulas administrativas particulares nin no contrato.

1.3 Modificación do contrato:

-No caso de modificacións previstas segundo o artigo 204 da LCSP 9/2017, que a posibilidade de modificar o contrato atópase prevista nos pregos ou no anuncio de licitación, e que non supera a porcentaxe do prezo do contrato ao que como máximo poden afectar. No caso de modificacións non previstas, que se acompaña informe técnico xustificativo dos extremos previstos nos apartados 1 e 3 do artigo 205 da LCSP 9/2017.

-Que existe informe do Servizo Xurídico e, no seu caso, ditame do Consello de Estado.

1.4 Abonos a conta:

-Que existe conformidade dos servizos competentes co subministro realizado ou fabricado.

-Que se aporta factura pola empresa adxudicataria de acordo co previsto no Real Decreto 1619/2012, polo que se aproba o Regulamento polo que se regulan as obrigas de facturación.

-Cando no abono a conta se inclúa revisión de prezos, comprobar que se cumpren os requisitos esixidos polo artigo 103 da LCSP 9/2017 e que non está expresamente excluida a posibilidade de revisión no prego de cláusulas administrativas particulares nin no contrato.

-No caso de efectuarse anticipos, comprobar que tal posibilidade estaba prevista no prego de cláusulas administrativas particulares e que se ten prestado a garantía esixida.

1.5 Prórroga do contrato:

-Que está prevista no prego de cláusulas administrativas particulares.

-Que, no seu caso, non se superan os límites de duración previstos polo prego de cláusulas administrativas particulares ou o documento descriptivo.

Cod. Validación: 7MGW7J7KR4C999P3Q793CT4XP
Corrección: https://sansadurnino.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 25 a 39

San Sadurniño
www.sansadurnino.gal

O Casal, 16
15560 San Sadurniño (A Coruña)
Teléf. 981 490 027
Fax. 981 490 474

-Que se acompaña informe do Servizo Xurídico.

1.6 Liquidación:

-Que se acompaña acta de conformidade da recepción do subministro, o no caso de arrendamiento de bens mobles, certificado de conformidade coa prestación.

-Que se aporta factura pola empresa adxudicataria de acordo co previsto no Real Decreto 1619/2012, (Regulamento Obrigas de Facturación).

-Cando se inclúa revisión de prezos, para o seu abono, comprobar que se cumpren os requisitos esixidos polo artigo 103 da LCSP 9/2017 e que non está expresamente excluida a posibilidade de revisión no prego de cláusulas administrativas particulares nin no contrato.

1.7 Pago de xuros de demora e da indemnización por costes de cobro: Que existe informe do Servizo Xurídico.

1.8 Indemnizacións a favor do contratista: que existe informe do Servizo Xurídico, informe técnico e, no seu caso, ditame do Consejo de Estado.

1.9 Resolución do contrato de subministro: que, no seu caso, existe informe do Servizo Xurídico e no seu caso, existe ditame do órgano consultivo da Comunidade Autónoma.

DÉCIMO.- Nos expedientes de contratos de servizos, con excepción dos adxudicados no marco dun sistema de racionalización técnica da contratación e dos servizos a que se refiere o apartado decimocuarto do presente Anexo, os extremos adicionales serán os seguintes:

1. En xeral.

1.1 Expediente inicial:

A) Aprobación do gasto (ademáis das sinaladas no punto Oitavo 1.1.a) que lle sexan aplicables):

-Que existe prego de prescripcións técnicas do contrato.

-Que o obxecto do contrato está perfectamente definido, de manera que permita a comprobación do exacto cumprimento das obrigas por parte do contratista.

-Que a duración do contrato prevista no prego de cláusulas administrativas particulares ou o documento descriptivo axústase ao previsto na LCSP.

Cod. Validación: 7MGW7J7KR4C999P3Q793CT4XP
Corrección: https://sansadurnino.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 26 a 39

San Sadurniño
www.sansadurnino.gal

O Casal, 16
15560 San Sadurniño (A Coruña)
Teléf. 981 490 027
Fax. 981 490 474

-Cando se propoña como procedemento de adxudicación o negociado, comprobar que concorren os supostos previstos na normativa contractual para utilizar tal procedemento.

-Cando se propoña como procedemento de adxudicación o diálogo competitivo, verificar que se cumpre algún dos supostos de aplicación do artigo 167 da LCSP 9/2017.

-Nos supostos do artigo 229 da LCSP 9/2017, que se acompaña o informe favorable da Dirección General del Patrimonio del Estado, no seu caso.

B) Compromiso do gasto:

B.1) Adxudicación (ademáis dos sinalados no punto Oitavo 1.1.b) que sexan de aplicación):

-Cando non se adxudique o contrato de acordo coa proposta formulada pola Mesa, que existe decisión motivada do órgano de contratación.

-Cando se propoña a celebración dun contrato con prezos provisionais de conformidade co artigo 102.7 da LCSP 9/2017, que se detallan na proposta de adxudicación os extremos previstos nas letras a), b) e c) do citado precepto.

B.2) Formalización:

-No seu caso, que se acompaña certificado do rexistro correspondente ao órgano de contratación, ou do propio órgano de contratación, que acredite que non se ten interposto recurso especial en materia de contratación contra a adxudicación ou dos recursos interpostos. Neste segundo suposto, deberá comprobarse igualmente que recaíu resolución expresa, xa sexa desestimando o recurso, xa acordando o levantamento da suspensión.

1.2 Modificación do contrato:

-No caso de modificacións previstas segundo o artigo 204 da LCSP 9/2017, que a posibilidade de modificar o contrato atópase prevista nos pregos ou no anuncio de licitación, e que non supera a porcentaxe do prezo do contrato ao que como máximo pode afectar. No caso de modificacións non previstas, que se acompaña informe técnico xustificativo dos extremos previstos no artigo 205 da LCSP 9/2017.

-Que existe informe do Servizo Xurídico e, no seu caso, ditame do Consello de Estado.

1.3 Contratos complementarios de servizos: deberán comprobarse os mesmos extremos previstos para os expedientes iniciais.

1.4 Revisión de prezos: que se cumpren os requisitos recollidos no artigo 103 da LCSP 9/2017 e que a posibilidade de revisión non está expresamente excluida no prego de cláusulas administrativas particulares nin no contrato.

Cod. Validación: 7MGW7J7KR4C999P3Q793CT4XP
Corrección: https://sansadurnino.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 27 a 39

O Casal, 16
15560 San Sadurniño (A Coruña)
Teléf. 981 490 027
Fax. 981 490 474

1.5 Abonos a conta:

-Que existe certificación do órgano correspondente valorando o traballo parcial executado.

-Que se aporta factura pola empresa adxudicataria de acordo co previsto no Real Decreto 1619/2012, polo que se regulan as obrigas de facturación.

-Cando o abono a conta inclúa revisión de prezos, comprobar que se cumpren os requisitos esixidos polo artigo 103 da LCSP 9/2017 e que non estea expresamente excluida a posibilidada de revisión no prego de cláusulas administrativas particulares nin no contrato.

-En caso de efectuarse anticipos, comprobar que tal posibilidade está prevista no prego de cláusulas administrativas particulares e que se ten prestado a garantía esixida.

1.6 Prórroga dos contratos:

-Que está prevista no prego de cláusulas administrativas particulares.

-Que non se superan os límites de duración previstos no prego de cláusulas administrativas particulares ou no documento descriptivo.

-Que se acompaña informe do servizo xurídico.

1.7 Liquidación:

-Que se acompaña acta de recepción ou certificado nos que se manifeste a conformidade cos traballos.

-Que se aporta factura pola empresa adxudicataria de acordo co previsto no Real Decreto 1619/2012, que regula as obrigas de facturación.

-Cando se inclúa revisión de prezos, para o seu abono, comprobar que se cumpren os requisitos esixidos polo artigo 103 da LCSP 9/2017 e que non está expresamente excluida a posibilidade de revisión no prego de cláusulas administrativas particulares nin no contrato.

1.8 Pago de xuros de demora e de indemnización por custos de cobro: que existe informe do Servizo Xurídico.

1.9 Indemnizacións a favor do contratista: que existe informe do Servizo Xurídico, informe técnico e, no seu caso, ditame do Consejo de Estado.

Cod. Validación: 7MGW7J7KR4C999P3Q793CT4XP
Corrección: https://sansadurnino.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 28 a 39

San Sadurniño
www.sansadurnino.gal

O Casal, 16
15560 San Sadurniño (A Coruña)
Teléf. 981 490 027
Fax. 981 490 474

1.10 Resolución do contrato: que existe no seu caso informe do Servizo Xurídico e, de ser preceptivo, ditame do Consejo de Estado

UNDÉCIMO.- Nos expedientes de contratos de concesión de obra pública, os extremos adicionais serán os seguintes:

1. Expediente inicial:

A) Aprobación do gasto (ademáis dos sinalados no punto Oitavo 1.1.a) que sexan de aplicación):

-Que existe estudio de viabilidade ou, no seu caso, estudio de viabilidade económico financieira.

-Que existe anteproxecto de construcción e explotación da obra, se procede.

-Que a duración do contrato prevista no prego de cláusulas administrativas particulares ou no documento descriptivo axústase ao previsto na LCSP.

-Que, no seu caso, existe informe favorable do Ministerio de Economía e Facenda a que se refire o artigo 16 do Real Decreto-lei 8/2010, polo que se adoptan medidas extraordinarias para a reducción do déficit público.

B) Compromiso del gasto:

B.1) Adxudicación (ademáis dos sinalados no punto Oitavo 1.1.b) que sexan de aplicación):

-Cando se propoña a celebración dun contrato con prezos provisionais de conformidade co artigo 102.7 da LCSP 9/2017, que se detallan na proposta de adxudicación os extremos previstos nas letras a), b) e c) do citado precepto.

B.2) Formalización:

-No seu caso, que se acompaña certificado do rexistro correspondeente ao órgano de contratación, ou do propio órgano de contratación, que acredite que non se ten interposto recurso especial en materia de contratación contra a adxudicación ou dos recursos interpostos. Neste segundo suposto, deberá comprobarse igualmente que ten recaído resolución expresa, xa desestimando o recurso ou recursos, xa acordando o levantamento da suspensión.

2. Modificados (ademáis dos sinalados no punto Oitavo 1.2. que sexan de aplicación):

-Que, no seu caso, se acompaña informe técnico xustificativo de que concorren as circunstancias previstas no artigo 270 da LCSP 9/2017.

-Que existe informe do Servizo Xurídico e, no seu caso, ditame do Consello de Estado.

Cod. Validación: 7MGW7J7KR4C999P3Q793CT4XP
Corrección: https://sansadurnino.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 29 a 39

O Casal, 16
15560 San Sadurniño (A Coruña)
Teléf. 981 490 027
Fax. 981 490 474

3. Revisións de prezos (aprobación do gasto): que se cumpren os requisitos recollidos no artigo 103 da LCSP 9/2017 e que a posibilidade de revisión non está expresamente excluida no prego de cláusulas administrativas particulares nin no contrato.

4. Financiación parcial da construcción da obra por parte da Administración:

4.1 Abonos por aportacións durante a construcción:

-Que existe certificación, autorizada por facultativo Director da obra e coa conformidade dos servizos correspondentes do órgano xestor.

-En caso de efectuarse anticipos, que tal posibilidade está contemplada no prego de cláusulas administrativas particulares e que se ten prestado a garantía esixida.

-Cando a certificación de obra inclúa revisión de prezos, para o seu abono, comprobar que se cumpren os requisitos esixidos polo artigo 103 da LCSP 9/2017 e que non está expresamente excluida a posibilidade de revisión no prego de cláusulas administrativas particulares nin no contrato.

-No caso da certificación final, que está autorizada por facultativo Director da obra, que existe informe da Oficina de Supervisión de Proxectos, se procede, e que se acompaña acta de comprobación á que se refire o artigo 256.

4.2 Abonos por aportacións ao finalización da construcción ou da concesión: que existe acta de comprobación ou, no seu caso, acta de recepción.

4.3 Abonos en caso de que a financiación da construcción da obra se realice a través de subvencións ou préstamos reintegrables, de acordo co artigo 266 da LCSP 9/2017: comprobaranse únicamente os extremos previstos no apartado primeiro do presente Anexo.

5. Abono ao concesionario da retribución pola utilización da obra:

-Cando se inclúa revisión de prezos, para o seu abono, comprobar que se cumpren os requisitos esixidos polo artigo 103 da LCSP 9/2017 e que non está expresamente excluida a posibilidade de revisión no prego de cláusulas administrativas particulares nin no contrato.

-Que se aporta factura pola empresa concesionaria de acordo co previsto no Real Decreto 1619/2012, polo que se regulan as obrigas de facturación.

6. Pago de xuros de demora e de indemnización por custos de cobro: que existe informe do Servizo Xurídico.

7. Indemnización a favor do contratista: que existe informe do Servizo Xurídico, informe técnico e, no seu caso, ditame do Consello de Estado.

Cod. Validación: 7MGW7J7KR4C999P3Q793CT4XP
Corrección: https://sansadurnino.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 30 a 39

San Sadurniño
www.sansadurnino.gal

O Casal, 16
15560 San Sadurniño (A Coruña)
Teléf. 981 490 027
Fax. 981 490 474

8. Resolución do contrato: que existe informe xurídico e, no seu caso, dtame do Consello de Estado.

9. Pago ao autor do estudo de viabilidade que non tivese resultado adxudicatario da correspondente concesión:

-Que o prego de cláusulas administrativas particulares non prevé que o pago da compensación sexa realizada polo adxudicatario da concesión.

-Que se aportan os xustificantes dos gastos realizados.

DECIMOSEGUNDO.- Nos expedientes relativos a contratos comprendidos no artigo 25.1.a) da LCSP 9/2017 os extremos adicionais serán os seguintes:

-Nas fases correspondentes á aprobación e compromiso do gasto do expediente inicial destes contratos comprobaranse os mesmos extremos previstos para os contratos en xeral segundo a súa natureza.

No resto de expedientes comprobaranse os extremos establecidos no apartado décimo relativo aos expedientes de contratos de servizos, na medida que ditos extremos sexan esixibles de acordo coa súa normativa reguladora.

DECIMOTERCEIRO.- Nos expedientes de execución de traballos pola propia Administración, os extremos adicionais serán os seguintes:

1. Contratos de colaboración con empresarios particulares.

1.1. Expediente inicial:

A) Aprobación do gasto (ademáis das que sexan aplicables do punto Oitavo 1.1.):

-Que concorre algún dos supostos previstos no artigo 30 da LCSP 9/2017 e que o importe do traballo a cargo do empresario colaborador non supera as contías establecidas no citado artigo.

-Que existe prego de prescripcións técnicas do contrato.

B)Compromiso do gasto:

B.1) Adxudicación (ademáis das que sexan aplicables do punto Oitavo 1.1.b)):

-Cando non se adxudique o contrato de acordo coa proposta formulada pola Mesa, que existe decisión motivada do órgano de contratación.

Cod. Validación: 7MGW7J7KR4C999P3Q793CT4XP
Corrección: https://sansadurnino.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 31 a 39

O Casal, 16
15560 San Sadurniño (A Coruña)
Teléf. 981 490 027
Fax. 981 490 474

-Cando se propoña a celebración dun contrato con prezos provisionais de conformidade co artigo 102.7 da LCSP, que se detallan na proposta de adxudicación os extremos contidos nas letras a), b) e c) do citado precepto.

B.2) Formalización:

-No seu caso, que se acompaña certificado do rexistro correspondente ao órgano de contratación, ou do propio órgano de contratación, que acredite que non se ten interposto recurso especial en materia de contratación contra a adxudicación ou dos recursos interpostos. Neste segundo suposto, deberá comprobarse igualmente que ten recaído resolución expresa, xa sexa desestimando o recurso ou recursos, xa acordando o levantamento da suspensión.

1.2 Modificacións do contrato: os mesmos extremos que no apartado Oitavo 1.2.

1.3 Abonos durante a execución dos traballos:

Isto é debido a que lles é de aplicación o apartado 1 do referido artigo 165 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo , polo cal, o orzamento xeral atenderá ao cumprimento do principio de estabilidade e o artigo 16 do Real Decreto 1463/2007, de 2 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Desenvolvemento da Lei 18/2001, de 12 de novembro, de Estabilidade Orzamentaria, na súa aplicación ás Entidades Locais, polo que a Intervención local informará sobre a avaliación do principio de estabilidade orzamentaria en termos de capacidade ou necesidade de financiamento conforme ao SEC-10 con carácter independente e incorporarase aos previstos nos artigos 168.4 *[no suposto de Informe para a aprobación do Orzamento]* e 191.3 *[no suposto de Informe para a aprobación da Liquidación do Orzamento]* do texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, referidos respectivamente, á aprobación do orzamento xeral e á súa liquidación.

**CUARTO.** Igualmente seralles de aplicación aos Orzamentos das Entidades Locais o principio de sustentabilidade financeira, pois a suspensión das regras fiscais, en concreto do obxectivo de débeda pública, non implica renunciar á prudencia na xestión financeira, sendo plenamente aplicable o



Cod. Validación: 4ZG524LW5ZYNZC5J2KHGCKL2D
Corrección: https://sansadurnino.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 2 a 8

principio de sustentabilidade financeira, en termos de débeda financeira.

A débeda financeira debe medirse en termos de volume de débeda viva e do límite de endebedamento a efectos do réxime de autorización de novas operacións de crédito establecido nos artigos 52 e 53 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo e a Disposición Final 31.ª da Lei 17/2012, de 27 de decembro, de orzamentos xerais do Estado para o ano 2013.

A efectos de determinar o límite de endebedamento, o total da débeda viva a efectos do réxime de autorización detállase en:

- Débeda a efectos do Protocolo de Déficit Excesivo, incluída a débeda a curto prazo e a débeda a longo prazo, desagregando entre: emisións de débeda, operacións con entidades de crédito, factoring sen recurso, débedas con administracións Públicas (FFEL), arrendamento financeiro, asociacións público-privadas, pagos aprazados con operacións con terceiros e outras operacións de crédito.
- Risco deducido de Avais
- Operacións formalizadas dispoñibles non dispostas
- Débeda con Administracións públicas distinta á incluída no FFEL
- Importe de operacións proxectadas ou formalizadas
- Outras débedas.

O devandito cálculo da débeda financeira, tal e como dispón o artigo 15 da Orde HAP/2105/2012, de 1 de outubro, pola que se desenvolven as obrigacións de subministración de información previstas na Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira, debe efectuarse anualmente, con ocasión da aprobación do orzamento e a súa liquidación.

O cálculo da débeda financeira igualmente realizarase a efectos informativos, e non fornecerá ningún efecto durante este período, máis aló de coñecer os límites establecidos na normativa hacendística para concertar novas operacións de endebedamento a longo prazo.

**QUINTO.** Entidades que forma o Perímetro de Consolidación.

O perímetro de consolidación deste Municipio está formado polo propio Concello, exclusivamente.

**SEXTO.** Cálculo da Estabilidade Orzamentaria.

A estabilidade orzamentaria, identifícase cunha situación de equilibrio ou superávit computada, ao longo do ciclo económico, en termos de capacidade de financiamento de acordo coa definición contida no Sistema Europeo de Contas Nacionais e Rexionais (SEC-10).

Cod. Validación: 4ZG524LW5ZYNZC5J2KHGCKL2D
Corrección: https://sansadurnino.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 3 a 8

O cálculo da variable capacidade de financiamento no marco das Entidades Locais, en termos orzamentarios SEC-10 e obviando certos matices de contabilización, obtense, a nivel consolidado, da diferenza entre os Capítulos 1 a 7 do Orzamento de Ingresos e os Capítulos 1 a 7 do Orzamento de Gastos.

**A**. Debido ás diferenzas de criterio entre a contabilidade orzamentaria e a contabilidade nacional, é necesario a realización de axustes a fin de adecuar a información orzamentaria desta entidade aos criterios establecidos no SEC-10.

Seguindo o disposto en o *«Manual de cálculo do déficit en contabilidade nacional adaptado ás corporacións locais»* e en a *«Nota sobre os cambios metodológicos de aplicación do novo SEC 2010 que afectan as Contas das Administracións Públicas»* editado pola Intervención Xeral da Administración do Estado (IGAE), procede realizar os axustes seguintes (consígnase únicamente o axuste 14 xa que a contabilidade de taxas e ingresos lévase por criteiro de caixa):

- Axuste *14. Gastos realizados no exercicio e pendentes de aplicar ao orzamento de gastos da Corporación Local: diferenza entre o saldo inicial e saldo final da conta 413 «Acredores por operacións devindicadas»]*: o saldo pendente de aplicación a 01/01/2023 era de 151.430,00€ e a 31/12/2023 de 0,00€

**B**. O cálculo da estabilidade orzamentaria con motivo da aprobacion do orzamento do exercicio 2024, de Concello de San Sadurniño, unha vez realizados os axustes SEC-10 detallados no punto A, presenta os seguintes resultados:

| **CAPÍTULO** | **INGRESOS** | **IMPORTE** |
|---|---|---|
| 1 | Impostos directos | 766.000,00 |
| 2 | Impostos indirectos | 45.000,00 |
| 3 | Taxas, prezos públicos e outros ingresos | 506.670,44 |
| 4 | Transferencias correntes | 1.962.044,57 |
| 5 | Ingresos patrimoniais | 5.000,00 |
| 6 | Alleamento de investimentos reais | 0,00 |
| 7 | Transferencia de capital | 446.624,22 |
| **TOTAL INGRESOS** | | **3.731.339,23 €** |

| **CAPÍTULO** | **GASTOS** | **IMPORTE** |
|---|---|---|
| 1 | Gastos do Persoal | 1.397.321,01 |
| 2 | Gastos correntes en bens e servizos | 1.486.205,70 |

Cod. Validación: 4ZG524LW5ZYNZC5J2KHGCKL2D
Corrección: https://sansadurnino.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 4 a 8

| | | |
|---|---|---|
| | | |
| 3 | Gastos financeiros | 2.635,00 |
| 4 | Transferencias correntes | 183.315,00 |
| 5 | Fondo de continxencia | 0,00 |
| 6 | Investimentos reais | 636.462,52 |
| 7 | Transferencias de capital | 25.400,00 |
| **TOTAL GASTOS** | | **3.731.339,23 €** |

| | |
|---|---|
| 1. SUMA ORZAMENTO INGRESOS (I A VII) | 3.731.339,23€ |
| 2. SUMA ORZAMENTO GASTOS (I A VII) | 3.731.339,23€ |
| 3. ESTABILIDADE ORZAMENTARIA (1-2) | 0,00 |
| 4. AXUSTES SEC-10 | +151.430,00€ |
| 5. ESTABILIDADE/NON ESTABILIDADE ORZAMENTARIA | 151.430,00€ |
| 6. OBRIGA DE REALIZAR PLAN ECONÓMICO-FINANCEIRO | NON *ver observacións |

**C**. En base aos cálculos precedentes e aos datos presentados, tras realizar os axustes SEC-10 detallados, obsérvase que se cumpre o obxectivo de estabilidade orzamentaria, e esta Secretaria-Interventora quere poner de manifesto que a situación de inexistencia de débeda deixa ao Concello nunha situación desfavorable dende o punto de vista da estabilidade a futuro. Trátase dun efecto, lóxicamente, indesexado pola norma, que penaliza as entidades máis saneadas, en canto que o simple feito de contar cunha partida de gastos para atender a amortización de préstamos xa supón unha estabilidade bruta (necesariamente, os capítulos 1 a 7 de gastos van sumar menos que os capítulos 1 a 7 de ingresos, ao ter que deducirse a cota de amortización), deixando ás entidades sen débeda nun punto inicial de equilibrio bruto cero por contraposición ás entidades máis endebedadas, que inician, digamos, o cálculo inicial de equilibrio bruto en positivo. Por este motivo, calquera modificación orzamentaria que se poida realizar con cargo a Remanente (afectado ou non) vai provocar, en abstracto, unha inestabilidade, ao incrementar o gasto en capítulos 1 a 7 pero non reflectirse nos capítulos 1 a 7 de ingresos, senón no 8.

**SÉTIMO.** Cálculo da Sustentabilidade Financeira.

Entenderase por sustentabilidade financeira a capacidade para financiar compromisos de gasto presentes e futuros dentro dos límites de déficit, débeda pública e morosidade de débeda comercial.

A débeda financeira debe medirse en termos de volume de débeda viva, incluída aquela a efectos do

Cod. Validación: 4ZG524LW5ZYNZC5J2KHGCKL2D
Corrección: https://sansadurnino.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 5 a 8

Protocolo de Déficit Excesivo, e do límite de endebedamento a efectos do réxime de autorización de novas operacións de crédito establecido nos artigos 52 e 53 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo e a Disposición Final 31.ª da Lei 17/2012, de 27 de decembro, de orzamentos xerais do Estado para o ano 2013.

**A.** O volume de débeda viva a 1 de xaneiro de 2024 e a efectos de determinar o límite de endebedamento desta Entidade, arroxa un importe de 337.963,29€

**B.** De conformidade coa normativa vixente, os ingresos correntes a considerar a efectos de determinar o límite de débeda desta Entidade, serían os correspondentes a capítulos I a V do estado de ingresos da última liquidación: 3.049.789,13

Por tanto, a porcentaxe de débeda viva desta entidade é de 11,08 %*[(débeda viva/ingresos correntes) x 100]*, inferior ao límite de débeda situado no 110%.

**OITAVO.** O cálculo da regra do gasto non resulta obrigatorio con ocasión da aprobación do Orzamento. Con todo, si debe aprobarse o límite máximo de gasto non financeiro, de acordo co artigo 30 da Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira e si debe avaliarse o cumprimento da regra de gasto na liquidación do Orzamento de 2024.

É por iso que, esta Intervención, seguindo un criterio prudente, considera oportuno realizar unha estimación da regra do gasto en aprobación do Orzamento, para pór en coñecemento da Corporación os posibles termos e efectos da senda fiscal e as súas consecuencias sobre o gasto municipal previsto.

A regra de gasto calcularase comprobando que a variación do gasto computable entre os anos 2024 e 2023 non supere a taxa de referencia do crecemento do Produto Interior Bruto.

Entenderase por gasto computable aos empregos non financeiros (os gastos dos capítulos I a VII do Orzamento) definidos en termos do SEC-10, excluídos os intereses da débeda, o gasto non discrecional en prestacións por desemprego, a parte do gasto financiado con fondos finalistas procedentes da Unión Europea ou doutras Administracións Públicas e as transferencias ás Comunidades Autónomas e ás Corporacións Locais vinculadas aos sistemas de financiamento.

A taxa de referencia de crecemento do PIB da economía española a medio prazo para o Orzamento do ano 2024 é do 2,6%, de maneira que o gasto computable de San Sadurniño neste exercicio, non poderá aumentar por encima da mesma.

**A.** Atendendo á metodoloxía de cálculo da normativa vixente, é necesaria a realización dos seguintes axustes:

- Axustes sobre os compoñentes do gasto que non teñen un carácter fixo ou que teñen un carácter preferente non sometido a limitación de crecemento:

Cod. Validación: 4ZG524LW5ZYNZC5J2KHGCKL2D
Corrección: https://sansadurnino.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 6 a 8

- Gastos financiados con fondos finalistas da Unión Europea e doutras Administracións Públicas: son gastos que teñen a súa contrapartida en ingresos, non se limita o seu crecemento ao non supor un crecemento do gasto en termos estruturais. Neste punto, o dato ven dado polo importe do capítulo 4 de ingresos referente a transferencias finalistas doutras entidades (subvencións) e a totalidade do capítulo 7, que está vencellado totalmente a investimentos subvencionados. Amósase a referencia para o exercicio 2024, coa mesma mecánica para o 2023.

| CONCEPTO | IMPORTE |
|---|---|
| 42010 | 2.000,00 |
| 45080 | 423.970,62 |
| 46100 | 589.400,06 |
| 46200 | 10.600,00 |
| 72000 | 2.000,00 |
| 75080 | 235.749,80 |
| 76100 | 208.874,42 |
| TOTAL | 1.470.794,90 |

Partindo destas premisas, a estimación do cálculo da regra de gasto con motivo de aprobación do orzamento, presentaría os seguintes resultados:

| | 2024 | 2023 |
|---|---|---|
| 1. SUMA ORZAMENTO GASTOS (I A VII) | 3.731.339,23€ | 3.682.350,25€ |
| 2. AXUSTES SEC-10 | -1.470.794,90€ | -1.401.156,47 |
| 3. TOTAL GASTO COMPUTABLE | 2.260.544,33€ | 2.281.193,78€ |
| 4. % VARIACIÓN | -0,90% | |

**Sendo o resultado do control permanente previo do expediente:**

☑ Con efectos informativos.

Cod. Validación: 4ZG524LW5ZYNZC5J2KHGCKL2D
Corrección: https://sansadurnino.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 7 a 8

Coas seguintes observacións ao expediente: ______________________________

**DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE**

Cod. Validación: 4ZG524LW5ZYNZC5J2KHGCKL2D
Corrección: https://sansadurnino.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 8 a 8

Olalla Alvarez de Neyra Martinez (1 para 1)
Secretaria-Interventora
Data de Sinatura: 05/07/2024
HASH: b11c70381cbff77f7b3137932 81df461

**Expediente núm.:** 559/2024
**Informe Previo da aprobación do Orzamento Xeral**
**Procedemento:** Elaboración e Aprobación do Orzamento
**Tipo de Informe:** Borrador [] Provisional [] Definitivo [x]

## INFORME PREVIO DA APROBACIÓN DO ORZAMENTO XERAL

Esta Intervención, en virtude das atribucións de control citadas e establecidas no artigo 213 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, e desenvolvidas no Real Decreto 424/2017, de 28 de abril, polo que se regula o réxime xurídico do control interno nas entidades do Sector Público Local; en atención ás facultades recollidas no artigo 4.1.b).2.º do Real Decreto 128/2018, de 16 de marzo, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional, emito o seguinte

## INFORME

**PRIMEIRO**. O artigo 162 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo define aos Orzamentos Xerais das Entidades locais, establecendo que constitúen a expresión cifrada, conxunta e sistemática das obrigacións que, como máximo, poden recoñecer a Entidade e os seus Organismos Autónomos, e dos dereitos que prevexan liquidar durante o correspondente exercicio, así como das previsións de ingresos e gastos das Sociedades Mercantís cuxo capital social pertenza integramente á Entidade local correspondente.

Pola súa banda, o artigo 112 da Lei 7/1985, de Bases de Réxime Local recolle que as entidades locais aproban anualmente o devandito orzamento único.

Así as cousas, o Orzamento Xeral dunha Entidade local coincidirá co ano natural e estará integrado polo da propia entidade e os de todos os organismos e empresas locais con personalidade xurídica propia dependentes daquela.

**SEGUNDO**. A Lexislación aplicable é a seguinte:

— Artigo 168.4 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo.

— Artigo 18.4 do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril, polo que se desenvolve o Capitulo primeiro do Título sexto da Lei 39/1988, de 28 de decembro, reguladora das Facendas Locais, en materia de orzamento.

**TERCEIRO.** O Proxecto do Orzamento Xeral de *Concello de San Sadurniño* para o exercicio económico de 2024, formado polo Presidente da entidade, ascende á cantidade de 3.731.339,23 euros

Cod. Validación: A7FWJ464F6X5A3JT5XMT99ZTJ
Corrección: https://sansadurnino.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 1 a 4

no Estado de Gastos e igual cantidade no Estado de Ingresos, non presentando en consecuencia déficit inicial cumprindo o previsto no artigo 165.4 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo.

**CUARTO**. O proxecto de Orzamento Xeral para o exercicio 2024 que se deberá someter á consideración do Pleno da Corporación, está estruturado e adaptado ao previsto na Orde EHA/3565/2008, de 3 de decembro de 2008, pola que se aproba a estrutura dos Orzamentos das Entidades Locais.

Así, os estados de ingresos do Orzamento que ascende a 3.731.339,23 euros, confeccionáronse conforme ao regulado nos apartados 1 e 2 do artigo 167 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais e na Orde EHA/3565/2008, de 3 de decembro, pola que se aproba a Estrutura dos Orzamentos das Entidades Locais, modificada pola Orde HAP/419/2014, de 14 de marzo.

Do mesmo xeito, os estados de gastos que ascenden a 3.731.339,23 euros atenden ao disposto no artigo 167 TRLRHL e na Orde EHA/3565/2008, de 3 de decembro, pola que se aproba a Estrutura dos Orzamentos das Entidades Locais, modificada pola Orde HAP/419/2014, de 14 de marzo.

A aplicación orzamentaria definiuse, polo menos, pola conxunción das clasificacións por programas e económica, a nivel de grupos de programas e concepto, respectivamente.

**QUINTO**. Así mesmo e de conformidade co disposto nas bases de execución do Orzamento, nos créditos do estado de gastos e respecto da Clasificación por Programas, o nivel de vinculación xurídica é, como mínimo, a nivel de Área de Gasto, e respecto da Clasificación económica é, como mínimo, o do Capítulo, cumprindo o previsto no artigo o artigo 29 do Real Decreto 500/1990 para os niveis de vinculación.

**SEXTO**. Conforme ao disposto nos artigos 164 a 166 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, ao orzamento deberá de unirse a seguinte documentación:

- Memoria explicativa do Orzamento.
- Liquidación do orzamento do exercicio anterior e avance da do corrente, referida, polo menos, a seis meses do exercicio corrente. (considerando o momento temporal, adxúntase o estado de execución a 31 de decembro do exercicio anterior)
- Estado de gastos e estado de ingresos para cada un dos orzamentos que nel intégranse.
- Bases de execución do orzamento.
- Anexo de persoal da Entidade Local.
- Anexo de investimentos.
- Anexo de beneficios fiscais en tributos locais.
- Anexo de convenios subscritos coas Comunidades Autónomas en materia de gasto social (non existe Convenio de delegación con financiación).
- Anexo do Estado da Débeda.

Cod. Validación: A7FWJ464F6X5A3JT5XMT99ZTJ
Corrección: https://sansadurnino.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 2 a 4

**Concello de San Sadurniño**
O Casal 16, SAN SADURNIÑO. 15560 (A Coruña). Tfno. 981490027. Fax:

- Informe económico-financeiro.
- Informe do cálculo da Estabilidade Orzamentaria e a Sustentabilidade Financeira.

De conformidade co disposto nos artigos mencionados do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, o expediente contén toda a documentación esixida, contén todas as previsións que a normativa establece, así como cumpre todos os trámites esixidos.

**SÉTIMO**. Así mesmo e, de conformidade coa normativa vixente en materia orzamentaria, o orzamento está sometido a unhas regras básicas que determinan o seu contido, ámbito temporal así como determinados aspectos do mesmo, os chamados principios orzamentarios.

Tal e como se desprende deste informe así como da documentación que obra en expediente, entre os citados principios, que se cumpren na súa totalidade, cabería destacar os seguintes:

O principio de universalidade, pois o orzamento debe recoller a totalidade dos ingresos e dos gatos da entidade.

O principio de orzamento bruto na súa vertente contable do principio de universalidade, pois as aplicacións orzamentarias aparecen polo seu valor bruto, sen minoracións.

O principio de unidade orzamentaria pois toda a actividade da entidade queda recollida nun único estado de ingresos e gastos.

O principio de anualidade, pois o orzamento se refire ao ano natural.

O principio de equilibrio orzamentario, pois os gastos orzamentarios financian aos ingresos públicos, sen existir déficit inicial.

O principio de Desafectación, pois os ingresos se destinan a financiar a totalidade dos gastos, sen que, en xeral, vincúlense determinados gastos a determinados ingresos, salvo no caso de ingresos específicos afectados a fins determinados.

Finalmente, sinalar que no papel de asesoramento que corresponde a esta informante, fixéronse unha serie de observacións e recomendacións no proceso de elaboración do orzamento para 2024 que foron acollidos íntegramente polo equipo de goberno.

Neste sentido, sinalar que realizouse un estudo de imputacións do exercicio anterior para obter unha orzamentación máis detallada e acorde coa Orde EHA/3565/2008, modificada por Orde HAP/419/2014, que fai que determinadas previsións de gastos cambien de partida.

Asimesmo, realizouse unha comparativa entre a orzamentación dos capítulos 4 e 7 de ingresos cos

Cod. Validación: A7FWJ464F6X5A3JT5XMT99ZTJ
Corrección: https://sansadurnino.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 3 a 4

gastos correntes e capítulo 6 de gastos para comprobar que existe a dotación en gastos dos proxectos con financiación afectada e evitar unha sobredotación que daría lugar a un desequilibrio na execución.

Recoméndase, en todo caso, para futuros exercicios, tratar de cumprir a previsión legal de aprobación do orzamento antes da finalización do exercicio previo, para que as adaptacións contables que sexa necesario realizar poidan facerse dende os primeiros movementos, xa que é posible que existan diverxencias de imputación derivadas da aplicación de orzamento prorrogado durante tanto tempo e algúns conceptos sexan imputados a dúas partidas distintas ao longo do exercicio segundo o momento temporal (antes/despois da aprobación do orzamento definitivo).

Finalmente, sinalar que esta Intervención considera que o proxecto de Orzamento para 2024 é un orzamento de máximos, no sentido de que se establecen unhas previsións de ingresos que se achegan ao importe liquidado no último exercicio ou, no seu caso, ao importe dos padróns fiscais aprobados. Un criterio de prudencia aconsella realizar unha previsión algo pesimista ao respecto en orde a considerar a máxima cobertura do orzamento de gastos por execución do de ingresos, se ben nada obsta para que se plantexe unha situación máis optimista. En todo caso, aconséllase correlativamente prudencia no referente á execución de gastos para evitar que a execución global do orzamento de ingresos sexa inferior ao previsto e exista unha situación final de descobertura.

**Sendo o resultado do control permanente previo do expediente:**

☑ Favorable

☐ Desfavorable, polos seguintes motivos: _________________________________

Coas seguintes observacións ao expediente: ______________________________

**DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE**

Cod. Validación: A7FWJ464F6X5A3JT5XMT99ZTJ
Corrección: https://sansadurnino.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 4 a 4

Olalla Alvarez de Neyra Martinez (1 para 1)
Secretaria-Interventora
Data de Sinatura: 05/07/2024
HASH: b11c70381cbff77f7b313793281df461

**Expediente núm.:** 559/2024
**Informe Xurídico**
**Procedemento:** Elaboración e Aprobación do Orzamento
**Tipo de Informe:** Borrador [] Provisional [] Definitivo [x]

## INFORME XURÍDICO

En cumprimento do establecido no artigo 3.3. a) do Real Decreto 128/2018, de 16 de marzo polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional e o artigo 172 do Regulamento de organización funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais aprobado Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro e tendo en conta os seguintes:

## ANTECEDENTES

**PRIMEIRO.** Con data 3 de xullo, a Alcaldía incoou o expediente de aprobación do orzamento municipal do exercicio 2024.

Con base no anterior, a Secretaria-Interventora emite o seguinte:

## INFORME

**PRIMEIRO.** De conformidade co artigo 168 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, o orzamento da Entidade Local será formado pola súa Alcaldía e a el deberá unirse a seguinte documentación:

a) Memoria explicativa do seu contido e das principais modificacións que presente en relación co vixente.

b) Liquidación do orzamento do exercicio anterior e avance da do corrente, referida, polo menos, a seis meses do exercicio corrente.

c) Anexo de persoal da Entidade Local.

d) Anexo dos investimentos a realizar no exercicio.

e) Anexo de beneficios fiscais en tributos locais contendo información detallada dos beneficios fiscais e a súa incidencia nos ingresos de cada Entidade Local.

f) Anexo con información relativa aos convenios subscritos coas Comunidades Autónomas en materia de gasto social, con especificación da contía das obrigacións de pago e dos dereitos económicos que se deben recoñecer no exercicio ao que se refire o orzamento municipal e das obrigacións pendentes de pago e dereitos económicos pendentes de cobro, recoñecidos en exercicios anteriores, así como da aplicación ou partida orzamentaria na que se recollen, e a referencia a que os devanditos convenios

Cod. Validación: QCDELTYLEZLX59KTMHSH3H2X5
Corrección: https://sansadurnino.sedelectronica.gal/
Documento asinado electrónicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 1 a 4

inclúen a cláusula de retención de recursos do sistema de financiamento á que se refire o artigo 57 bis da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local.

g) Un informe económico-financieiro, no que se expoñan as bases utilizadas para a avaliación dos ingresos e das operacións de crédito previstas, a suficiencia dos créditos para atender o cumprimento das obrigacións exixibles e os gastos de funcionamento dos servizos e, en consecuencia, a efectiva nivelación do orzamento.

**SEGUNDO.** A Lexislación aplicable é a seguinte:

— Os artigos 162 ao 171 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo.

— Os artigos 22.2 e) e 47.1 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local.

— Os artigos do 2 ao 23 do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril, polo que se desenvolve o Capítulo I do Título VI da Lei Reguladora das Facendas Locais.

— A Orde EHA/3565/2008, de 3 de decembro, pola que se aproba a Estrutura dos Orzamentos das Entidades Locais.

— A Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira.

— O artigo 16 do Regulamento de Desenvolvemento da Lei 18/2001, de 12 de decembro, de Estabilidade Orzamentaria, na súa Aplicación ás Entidades Locais, aprobado polo Real Decreto 1463/2007, de 2 de novembro.

— O Regulamento (UE) Núm. 549/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, de 21 de maio de 2013, relativo ao Sistema Europeo de Contas Nacionais e Rexionais da Unión Europea (SEC-10).

— As Regras 55 e seguintes da Orde HAP/1781/2013, de 20 de setembro, pola que se aproba a Instrución do Modelo Normal de Contabilidade Local.

— O artigo 4.1.b) 2º do Real Decreto 128/2018, de 16 de marzo, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional.

— *O Real decreto-Lei 17/2014, de 26 de decembro, de medidas de sustentabilidade financeira das comunidades autónomas e entidades locais e outras de carácter económico.*

— *O Real decreto-Lei 8/2013, de 28 de xuño, de medidas urxentes contra a morosidade das administracións públicas e de apoio a entidades locais con problemas financeiros.*

**TERCEIRO.** O modelo normal de contabilidade débeno aplicar os municipios cujo orzamento exceda de 3.000.000 euros, así como aquel cujo orzamento non supere este importe pero exceda de 300.000 euros e cuxa poboación sexa superior a 5.000 habitantes. As demais entidades locais sempre que o seu orzamento exceda de 3.000.000 euros. Os organismos autónomos dependentes das entidades locais contempladas nos apartados anteriores.

**CUARTO.** O Procedemento a seguir será o seguinte:

**A.** Por Alcaldía incóase o expediente e solicítase a realización dos trámites necesarios para a

Cod. Validación: QCDELTYLEZLX59KTMHSH3H2X5
Corrección: https://sansadurnino.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 2 a 4

aprobación do orzamento municipal para o exercicio 2024 con todos os documentos e anexos que o forman.

**B.** Ao expediente se unirá a Memoria explicativa da Alcaldía na que se expoñan a previsión de gastos e a estimación dos ingresos previstos para cubrir os devanditos gastos.

**C.** Emítese informe xurídico en exercicio da función de asesoramento legal preceptivo comprobándose a viabilidade e legalidade do proxecto proposto de acordo coa normativa que resulta de aplicación, así como coas regras internas, que, no seu caso, teña aprobadas a Entidade nos seus regulamentos orgánicos.

**D.** Informada a legalidade do proxecto proposto e a súa adecuación á lexislación, emítese informe de Intervención sobre a aprobación do orzamento e informe para o cálculo da Estabilidade Orzamentaria e a Sustentabilidade Financeira, de conformidade co artigo 16 do Real Decreto 1463/2007, de 2 de novembro.

**C.** Subscritos os informes anteriores, redactarase informe proposta de resolución que será entregado xuntos co resto dos documentos que integran o expediente.

**D.** Emitido informe proposta de resolución, emitirase Ditame da Comisión Informativa de Facenda *[ou denominación equivalente, segundo o establecido no regulamento orgánico ou acordo Plenario correspondente]*, que o elevará o Pleno da Corporación antes do 15 de outubro (cos anexos e documentación complementaria esixida pola lexislación) para a súa aprobación.

**D.** Aprobado inicialmente o Orzamento municipal para o exercicio económico de 2024, exporase ao público, previo anuncio en o *Boletín Oficial da Provincia*, por quince días hábiles, durante os cales as persoas interesadas poderán examinalo e presentar reclamacións ante o Pleno.

**E.** O orzamento considerarase definitivamente aprobado, se durante o citado prazo non se presentaron reclamacións; en caso contrario, o Pleno disporá dun prazo dun mes para resolvelas.

**F.** *[No seu caso]* Presentadas alegacións, os servizos técnicos procederán á información das mesmas.

**G.** *[No seu caso]* Á vista das alegacións presentadas a Comisión Informativa de Facenda emitirá ditame que se someterá á aprobación definitiva por parte do pleno.

**H.** O Orzamento municipal deberá publicarse no *Boletín Oficial da Provincia* resumido por capítulos, entrando en vigor no momento da súa publicación definitiva, con carácter retroactivo ao 1 de xaneiro de 2024, unha vez sexa publicado na forma prevista anteriormente.

Cod. Validación: QCDELTYLEZLX59KTMHSH3H2X5
Corrección: https://sansadurnino.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 3 a 4

**I.** Deberá remitirse unha copia do mesmo á Administración do Estado e á Administración da Comunidade Autónoma do Orzamento Municipal, e dita remisión deberase realizar simultaneamente ao envío a o *Boletín Oficial da Provincia* do anuncio descrito anteriormente.

**J.** *[No seu caso]* O acordo de aprobación definitiva do Orzamento notificarase ás persoas que teñan presentado alegacións.

**QUINTO.** Contra a aprobación definitiva do Orzamento poderá interporse directamente recurso contencioso-administrativo, na forma e prazos que establezan as normas da devandita Xurisdición, en virtude do artigo 113 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local.

O Tribunal de Contas deberá informar previamente á resolución do recurso cando a impugnación afecte ou se refira á nivelación orzamentaria.

A interposición de recursos non suspenderá por si soa a aplicación do orzamento definitivamente aprobado pola Corporación.

**DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE**

Cod. Validación: QCDELTYLEZLX59KTMHSH3H2X5
Corrección: https://sansadurnino.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 4 a 4

ANEXO PERSONAL 2024
SALARIO FUNCIONARIOS

Selo de órgano (1 para 1)
Concello de San Sadurniño
Data de Sinatura: 05/07/2024
HASH: a14f4239287db9387911d25ec986f8f7

| C.FUNCIONA | DENOMINACION | G | NCD | TITULAR | SUELDO 12 PAGAS | TRIENIOS 12 PAGAS | C. DESTINO 12 PAGAS | C.E 12 PAGAS | TOTAL 12 PAGAS | SOLDO 2 P EXTRAS | CD 2 PAGAS EXTRAS | CE 2 PAGAS EXTRAS | TRIENIOS 2 P EXTRA | TOTAL 2 PAGAS EXTRAS | TOTAL | SEGURIDAD E SOCIAL | **TOTAL ORZAMENTO** |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | | | | **ORZAMENTO 2024 CON 2,5% PREVISIBLE PARA O 2024** | | | | | | | | | | | | | |
| 920 | **SECRETARIA** | A1 | 30 | *** | 16000,80 | 3592,52 | 13976,88 | 31490,28 | 65060,48 | 1645,66 | 2329,48 | 5248,38 | 380,20 | 9603,72 | **74664,20** | **15196,08** | **89860,28** |
| 3321 | **BIBLIOTECARIA** | A2 | 23 | *** | 13835,64 | 3975,87 | 7883,64 | 4500,24 | 30195,39 | 1681,76 | 1313,94 | 750,04 | 488,24 | 4233,98 | **34429,37** | **9098,24** | **43527,61** |
| 920 | **TECNICA XESTIÓN** | A2 | 26 | *** | 13835,64 | 2403,12 | 10073,76 | 9756,84 | 36069,36 | 1681,76 | 1678,96 | 1626,14 | 334,48 | 5321,34 | **41390,70** | **10939,56** | **52330,26** |
| 920 | **ADMTVA. XESTIÓN** | C1 | 19 | *** | 10388,16 | 760,44 | 6020,28 | 4305,00 | 21473,88 | 1496,42 | 1003,38 | 717,50 | 109,40 | 3326,70 | **24800,58** | **6554,76** | **31355,34** |
| 920 | **ADMINISTRATIVA** | C1 | 17 | *** | 10388,16 | 158,40 | 5372,16 | 4006,92 | 19925,64 | 1496,42 | 895,36 | 667,82 | 27,34 | 3086,94 | **23012,58** | **6081,02** | **29093,6** |
| | **ADMTVA.SECRETARIA** | C1 | 17 | VACANTE | 10388,16 | 0,00 | 5372,16 | 4305,00 | 20065,32 | 1496,42 | 895,36 | 717,50 | 0,00 | 3109,28 | **23174,60** | **6125,04** | **29299,64** |
| | **TRABALLADORA SOCIAL DENDE** | A2 | 24 | *** | 13835,64 | 502,20 | 8410,08 | 6277,44 | 29025,36 | 1681,76 | 1401,68 | 1046,24 | 61,02 | 4190,70 | **33216,06** | **8778,96** | **41995,02** |
| | | | | **TOTAIS** | | | | | | | | | | | 254688,09 | 62773,66 | 317461,75 |

| | | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | TRABALLADOR/A SOCIAL | A2 | | 405 DUR. DETERMIN 6 MESES | **22.0000** | **22422,78** | 422,78 | |
| | AUXILIAR SAF | E | | LABORAL 80% 405 (6 meses) | **25132,68** | **11429,29** | 3460,52 | |
| | AUXILIAR SAF | E | | LABORAL 80% 405 (6 meses) | | **11429,29** | | |
| | AUXILIAR SAF | E | | LABORAL 80% 405 (3 meses) | | **5734,62** | | |

Selo de órgano (1 para 1)
Concello de San Sadurniño
Data de Sinatura: 05/07/2024
HASH: a14f4239287db9367901d25ec986f8f7

# POLÍTICOS

| C.FUNCIONA | ENOMINACIO | TITULAR | DEDICACIÓN | SOLDO | P.EXTRAS. | TOTAL | SEGURIDA DE SOCIAL | TOTAL |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| 912 | **ALCALDE** | *** | 50% DA XIORNADA | 18.000,00 | 3.000,00 | **21.000,00** | **6957,36** | **27957,36** |
| 912 | **CONCELLEI** | *** | 50% XORNADA | 14.400,00 | 2.400,00 | **16.800,00** | **5565,84** | **22365,84** |

Selo de órgano (1 para 1)
Concello de San Sadurniño
Data de Sinatura: 05/07/2024
HASH: a14f4239287db9367901d25ec986f8f7

# PLANTILLA DE PERSOAL

## A) FUNCIONARIOS DE CARREIRA

| Denom. praza | Núm. prazas | Grupo/Subgrupo | Complemento destino | Ocupación |
|---|---|---|---|---|
| Secretaría-Intervención | 1 | A1 | 30 | Propiedade |
| Técnico/a de xestión | 1 | A2 | 23 | Propiedade |
| Admvo/a de xestión | 1 | C1 | 19 | Propiedade |
| Admvo/a de secretaría | 1 | C1 | 17 | Vacante |
| Admvo/a | 1 | C1 | 17 | Propiedade |
| Traballador/a social | 1 | A2 | 24 | Propiedade |
| Bibliotecario/a | 1 | A2 | 23 | Propiedade |

## B) PERSOAL LABORAL FIXO

| Denom. praza | Núm. prazas | Grupo/Subgrupo | Complemento destino | Ocupación |
|---|---|---|---|---|
| Educador/a familiar | 1 | A2 | 24 | Propiedade |
| Axente de igualdade | 1 | A2 | 24 | Propiedade |
| Aux. Admvo Servizos Sociais | 1 | C2 | 12 | Propiedade |
| Auxiliar SAF 80% xornada | 13 | E | 10 | 9 Propiedade<br>4 Vacante |
| Auxiliar SAF 66,66% xornada | 2 | E | 10 | Propiedade |
| Auxiliar SAF 64% xornada | 1 | E | 10 | Propiedade |
| Arquitecto/a 50% xornada | 1 | A1 | 27 | Propiedade |
| Oficial maquinaria – chofer | 1 | C1 | 18 | Vacante/interinidade |
| Operario/a servizos múltiples | 1 | C2 | 13 | Propiedade |
| Operario/a maquinaria | 1 | C2 | 13 | Propiedade |
| Peón/a | 1 | E | 10 | Propiedade |
| Conserxe | 1 | C2 | 13 | Propiedade |
| Animador/a | 1 | C1 | 18 | Propiedade |

Cod. Validación: 6LZAF52EGTQZEETTKQ3GPKFET
Corrección: https://sansadurnino.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 1 a 2

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| sociocultural e deport. | | | | |
| Técnico/a de deportes | 1 | C1 | 16 | Propiedade |
| Axente Desenvolvemento Local | 1 | A1 | 27 | Propiedade |
| Axente TIC | 1 | A2 | 22 | Propiedade |

Cod. Validación: 6LZAF52EGTQZEETTKQ3GPKFET
Corrección: https://sansadurnino.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 2 a 2